

VIÑO. Caída de produción, prezos estables e prácticas sospeitosas na vendima ▶ 7

MOCIDADE. O SLG celebrou en Garabelos a segunda edición do Festival Son Labreg@ ▶ 20-21



HORTA Suplemento divulgativo sobre enxeñería xenética en agricultura
Como distinguir os transxénicos dos organismos xeneticamente modificados ▶ 14 e 15



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIV - Nº 322 - Setembro-Outubro 2018

HABERÁ AXUDAS AOS DANOS DO XABARIL TRALA CAMPAÑA DO SLG



Ao longo dos meses de setembro e outubro, o Sindicato Labrego Galego desenvolveu unha intensa campaña para denunciar a indefensión das granxas diante dos ataques continuados da fauna salvaxe e, nomeadamente, do xabaril, cuxa superpoboación comeza a ser un problema de orde pública que causa perdas millonarias.

Así, dende o SLG denunciámos este problema coa publicación de reportaxes dos estragos en

redes sociais, en senllas xuntanzas co conselleiro de Medio Rural e a conselleira de Medio Ambiente, e mantendo un encontro de traballo coa Valedora do pobo (imaxe superior esquerda). Polo de agora, Medio Ambiente xa anunciou que, para 2019, volverán convocarse as axudas para paliar os danos do xabaril. ▶ 10-11



O Sindicato Labrego consolida a súa aposta pola agroecoloxía cun terceiro foro celebrado na vila de Allariz ▶ 4 a 6

GANDERÍA Alerta por positivos de brucelose bovina en granxas que non tiñan problemas sanitarios ▶ 3

XUNTA O SLG lémbrralle ao novo titular de Medio Rural as materias pendentes da Consellaría nunha primeira xuntanza de traballo ▶ 13

MONTES Unha plataforma de colectivos demandamos da Xunta a retirada da revisión do Plan Forestal de Galicia ▶ 12



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

EDITORIAL

A primeira conquista global do campesiñado

Dende as súas orixes, en 1993, as organizacións que formamos parte da Vía Campesina, coma o Sindicato Labrego Galego, enfrontamos as graves violacións dos dereitos humanos que se daban no campo en todo o mundo, un fenómeno que, co paso dos anos, non fixo senón agravarse: o acaparamento de terras e os desalojos, o endebedamento das familias labregas, os tratados de libre comercio, a persecución e represión de líderes do agro, a usurpación de legados que son patrimonio da humanidade como as sementes, a fame e a extrema pobreza, etc.

Este plantarlle cara á violación dos dereitos humanos no campo, levounos á Vía Campesina a iniciar un proceso de traballo e reflexión que se plasmaría na “*Carta dos dereitos dos labregos e das labregas*” que se aprobou na III Conferencia Internacional da Vía Campesina en Maputo (Mozambique, 2008). Este foi o documento inicial que levamos dende a Vía Campesina a Xenebra para iniciar un debate no seo do Consello de Dereitos Humanos da ONU.

En 2012, o Consello de Dereitos Humanos aprobou a primeira resolución creada polo grupo de traballo intergubernamental de cara a redactar a *Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e doutras persoas que traballan no campo*. Ao texto base da Vía Campesina acabaríanse incorporando achegas doutras organizacións da sociedade civil que representaban outros colectivos do rural e da produción alimentaria.

Dende ese momento até hoxe, houbo un grande traballo de seis anos nos que se redactaron cinco borradores até chegarmos á versión definitiva que xa entrou na Asemblea das Nacións Unidas en Nova Iorque para o seu debate e votación (ver contraportada deste Fouce).

“Ao longo da historia, o campesiñado ten sido protagonista de movementos sociais e mesmo revolucións, pero nunca até agora estivo tan preto de acadar unha conquista social de carácter global, que afectará a tódolos países do mundo”

En canto aos contidos da Declaración, conta cun preámbulo que destaca aos labregos e labregas coma suxeito social, económico e cultural que cumpre un rol fundamental contra a fame e na produción de alimentos sans, o coidado da natureza ou a preservación das culturas e da biodiversidade.

A Declaración é un recoñecemento a dereitos fundamentais como o acceso á terra, o dereito á auga para consumo doméstico e para rega, así como o dereito ao usufruto e xestión dos bens naturais. Tamén contempla o dereito ás sementes e á biodiversidade, o dereito a percibir un prezo xusto polas producións agrarias de cara a obter uns ingresos suficientes para levar unha vida digna.

Seguindo co desenvolvemento do documento, este inclúe o dereito dos labregos e das labregas a producir os seus propios alimentos como parte fundamental do dereito á alimentación, o dereito a non expoñerse a substancias químicas tóxicas como parte do dereito á saúde, ou a obriga dos estados de facilitar o acceso das producións labregas aos mercados locais e rexionais.

Dous conceptos fundamentais que recoñece a Declaración son a soberanía alimentaria e a reforma agraria como reitores das políticas públicas para garantir eses derei-

tos. Mesmo inclúe disposicións para promover a agroecoloxía. Tamén conta a Declaración cun artigo especial para os dereitos das mulleres labregas. Ademais, para cada dereito, suxírense as obrigas dos estados.

A aprobación Declaración dos Dereitos Labregos suporá que se poñan as necesidades básicas das persoas por riba dos intereses económicos. De feito, o debate que se trasladou ao seo das Nacións Unidas é se nas lexislacións dos estados deben primar os dereitos humanos ou os intereses corporativos das transnacionais. E, aquí, o Consello de Dereitos Humanos foi contundente: deben primar os dereitos humanos, e esta Declaración será un instrumento fundamental á hora de establecer os estándares polos que se deberían guiar as políticas agrarias e rurais de calquera país.

Trátase dun fito na historia das reivindicacións labregas. Ao longo da historia da humanidade, o campesiñado ten sido protagonista de fortes movementos sociais e mesmo revolucións, pero nunca até agora estivo tan preto de acadar unha conquista social de carácter global, que afectará a tódolos países que forman parte das Nacións Unidas. Cómpre ter en conta que na ONU están os 193 estados soberanos que hai no mundo, aos que se engaden o Vaticano e Palestina como observadores. De aprobarse, a Declaración dos Dereitos Labregos será unha ferramenta fundamental nas nosas loitas no futuro. Conflitos como os que teñen que ver con loitas cotiás como o acaparamento de terras (minaría, eucaliptización) ou os prezos dignos, terán un documento de referencia avalado polas Nacións Unidas e de ámbito mundial. E nós, dende o SLG sentímonos orgullosos e orgullosas de ter contribuído co noso traballo a esta conquista.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Henrique Outes, Vítor Fernández, Sonia Vidal, Margardía Priteo e Carme Cabarcos.

PECHE DE EDICIÓN 08-11-2018

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

SANIDADE GANDEIRA ▶ Estraña a aparición de casos en explotacións con boas prácticas en sanidade que levan anos sen traer vacas de fóra

Alarma por positivos de tuberculose en granxas sen problemas sanitarios

O SLG organizou unha xornada de debate co xefe de área do Servizo de Gandería na Terra Chá para aclarar dúbidas

Nos últimos tempos, na Galiza estamos asistindo á aparición de positivos por tuberculose en granxas que tiñan unha cualificación sanitaria óptima e que, dende hai anos, non introduciran animais de fóra. Isto, fixo que o Sindicato Labrego transmitise a súa preocupación aos servizos de Sanidade Animal e, ao pouco, organizase en Vilalba unha palestra informativa, o 17 de setembro, na que participou Xosé Fraga Martínez, xefe de área do Servizo de Gandería na Terra Chá.

Esta xornada serviu para aclarar moitos aspectos. Datos como que Galiza está considerada como zona indemne de brucelose e que, de seguir así, en 2020 acadará a mesma cualificación para a tuberculose, demostran que na nosa terra os coidados sanitarios do gando



Na xornada de debate celebrada na Terra Chá, Isabel Vilalba expresou a grande preocupación das granxas diante da aparición de positivos por tuberculose

estanse a facer ben. De feito, na Galiza, a prevalencia por tuberculose bovina é das máis baixas do Estado, dun 0'02%, moi lonxe de comunidades como Andalucía (12%) ou Castela A Mancha (10'35%), e só por riba de Baleares e Canarias, polo que non é normal a aparición de tantos positivos en granxas nas que non hai factores obxectivos que os provoquen.

Dende o SLG, temos detectado un amplo malestar nas granxas sobre o xeito de proce-

der á hora de facer as probas de detección da tuberculose. Agora mesmo, diante dun positivo, non pode haber relectura dos síntomas e só vale a análise feita por Tragsatec. Por iso, e para evitar falsos positivos, dende o SLG demandamos que, antes de tomar a decisión definitiva para declarar animais afectados pola tuberculose, se faga unha nova análise por parte dos servizos veterinarios oficiais para contrastar resultados e evitar malas praxes.

Se declaran Galiza indemne de tuberculose, as inspeccións reduciranse ao 20%

O dato da baixa prevalencia da tuberculose na Galiza é positivo e é o resultado de trinta anos de traballo, dende que en 1987 se impuxo a obrigatoriedade do saneamento gandeiro. Porén, que Galiza sexa declarada zona indemne de tuberculose bovina xera unha nova preocupación, xa que isto implicará unha redución dos controis sanitarios, pasándose de manter inspeccións no 100% da cabana gandeira, a facelo de maneira aleatoria sobre o 20%.

A nosa preocupación vén de que os controis sanitarios teñan unha xestión semi-pública, sendo a Xunta a responsable dos mesmos, pero deixando en mans dunha empresa privada -Tragsatec-, a execución e o traballo de campo das campañas sanitarias. Para o SLG é preocupante que

unha empresa privada, que rexe as súas actuacións pola busca de beneficios, vexa reducido nun 80% o seu volume de traballo se Galiza é declarada zona indemne de tuberculose. Por lóxica empresarial, a unha empresa nesta situación beneficiaríalle a aparición de falsos positivos para seguir facendo controis sanitarios ao 100% da cabana gandeira. Por iso, seguimos demandando que o control sanitario gandeiro sexa competencia única e exclusiva da Xunta de Galicia. No SLG preocúpanos que poidan existir intereses alleos ao sector para que a incidencia da tuberculose siga estando a un nivel que obrigue a analizar o 100% da cabana para asegurar uns determinados ingresos e que se poidan chegar a utilizar falsos positivos para conseguilo.

LEITE ▶ A industria seguirá a ter o control dos prezos

O SLG alega contra a totalidade do real decreto de mellora da contratación no sector lácteo

O 14 de setembro remataba o prazo para presentar alegacións ao proxecto de real decreto para mellorar e adaptar o sistema de contratación do sector lácteo á normativa vixente. Dende o Sindicato Labrego Gallego decidiuse presentar unha emenda á totalidade, xa que este texto legal segue sen tocar cuestións fundamentais para o sector que, cada vez, está máis desamparado diante dos intereses da industria.

Un bo exemplo disto último é a deriva que está levando a Interprofesional Láctea (Inlac), que agora só funciona como promotora de campañas publicitarias en beneficio das grandes empresas, e que mesmo acordou incrementar as achegas das granxas para financiar esa publicidade (ver páxina 6 do Fouce 320).

Porén, a Inlac desbotou todo o traballo feito sobre indexación, co que se podían construír ferramentas para fixar prezos xustos para tódalas partes da cadea de valor. Pola súa banda, a Administración deixou de promover foros sectoriais, como as mesas de prezos, deixando toda a política leiteira en mans desta Inlac dominada pola patronal do sector lácteo.

O real decreto co que se pretende agora desenvolver o paquete lácteo non vai servir para nada. Como tampouco serven para nada as organizacións de produtores (OPLs), nin a maquiñaxe que se lles vai facer aos contratos do leite. Uns contratos a través dos cales as industrias poderán seguir extorsionando e impondo ás granxas os prezos e condicións que lles pete. Mesmo seguen sen aprobarse normas que protexan ás explotacións diante dos impagos.



III FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA ▶ O Baixo o lema “Camiñando xuntas pola soberanía alimentaria”, o Sindicato Labrego Galego celebrou a terceira edición do Foro Labrego de Agroecoloxía, o 20 e 21 de outubro, en Allariz. Desta maneira, consolidamos a nosa aposta por impulsar e reforzar proxectos agrogandeiros baseados en claves como a sostibilidade, o respecto ao medio ambiente, a dignidade dos homes e das mulleres que traballan e viven da terra, a creación de formas de comercialización alternativas baseadas na tecedura de redes e no contacto directo entre as persoas, ou a soberanía alimentaria.

O SLG consolida a súa aposta pola agroecoloxía co Foro de Allariz

Para acadar todo o devandito, tentouse facer unha programación completa e variada que foi dende palestras na que varios proxectos agroecolóxicos foron contados en primeira persoa polos seus e polas súas protagonistas, a obradoiros prácticos para apoiar a labregos e labregas en cuestións como a análise da viabilidade económica do seu traballo ou a mellora das relacións colectivas.

Encargáronse de inaugurar o Foro a alcaldesa de Allariz, Cristina Cid, e Sonia Vidal Lamas, gandeira de Xunqueira de Ambia que forma parte da Executiva do Sindicato Labrego Galego. Previamente, houbo unha mística na que varias mulleres abandonaban un sistema industrial de alimentación no que as persoas son meros entes que consumen; para apostar por outro agroecolóxico que trata aos seres humanos de maneira integral e crea redes de relacións e afectos entre os labregos e labregas que producen os alimentos e as persoas que os mercan. Desta maneira, co berro de “Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza”, arrincou o Foro.

Arriba, vista xeral da primeira xornada do Foro e rolda de prensa de presentación no Concello de Allariz con Santi Rodríguez, Cristina Cid, María Xosé Castro e Bernardo Varela. A carón, visita ao Mercado da Reserva da Biosfera e, na páxina seguinte, mesa da palestra de proxectos agroecolóxicos, con Xosé Manuel Durán, Álvaro Diéguez, Pilar García, Carme Freire, Dora Vieiro e Santi Rodríguez Cid



O Mercado da Reserva da Biosfera, un exemplo de política agraria municipal

Antes do acto inaugural, na mañá do sábado, o Foro programou unha visita ao Mercado da Reserva da Biosfera, que xestiona o Concello de Allariz. Alí, o concelleiro de Medio Ambiente, Bernardo Varela, explicounos a historia desta praza de abastos na que se venden alimentos de calidade cultivados e producidos no rural da bisbarra. Este mercado comezou a súa andaina en 2014 e é unha das mellores expresións de que, co apoio decidido das administracións municipais, é posible dinamizar o campo e pór en marcha todo tipo de iniciativas agrogandeiras viables: carne de boi de raza Limiá, mel, hortalizas, xabrón de leite de burra, pan e cervexa artesáns, alimentos elaborados con fariña de castaña, queixo de ovella, leite ecolóxico, embutidos, etc.

Detrás de todo isto, atopamos a aposta decidida do concello por apoiar cos medios á súa disposición a incorporación de xente nova ao agro, pola creación de proxectos anovadores que sirvan para dinamizar e dar vida ao rural e por facer unha xestión racional do territorio na que a agricultura e a gandería son pezas clave.

O propio tirón turístico de Allariz para a poboación de Ourense, que enche a vila alaricana cada fin de semana e nas vacacións, redunda positivamente nas vendas deste mercado e doutros sectoriais que se fan ao longo do ano. Sirvan como exemplo as Xornadas Gastronómicas sobre a Carne de Boi de Allariz que, entre outubro e novembro, supón a venda de 3.000 quilos de produto a través da restauración.

SEGUE ▶

Coa forza das redes e do colectivo

A palestra de proxectos agroecolóxicos convocou catro experiencias do máis diverso, pero que tiñan en común seren iniciativas cooperativas ou colectivas:

✓ MASKILU KONTSERBAK

A conserveira vasca Maskilu comezou a funcionar en 2014 grazas a unha concesión de terreos do Concello de Zeberio (Bizkaia). Detrás da iniciativa hai doce socios e socias que tiveron a necesidade de procesar e transformar os alimentos que producían -froitas, verduras e cogomelos- para darlles saída.

Aínda que poñer en marcha unha conserveira precisaba dun forte investimento, conseguiron axudas públicas e mesmo realizaron con éxito unha campaña de crowdfunding para recadar cartos a través de Internet. Con isto, e unha achega de 1.500€ por socia, conseguírono. *“Hoxe, Maskilu é unha ferramenta comunitaria para poder dar saída aos nosos produtos. Ademais, tamén ofrecemos o servizo de facer conservas para persoas non socias, de maneira que obtemos uns ingresos necesarios para que a conserveira sexa sostible economicamente”.*

É de destacar que a toma de decisións e o funcionamento de Maskilu son de carácter assembleario, aínda que a xestión do día a día recae nun grupo reducido de persoas.

✓ DAQUÍ DARREDOR

Pilar García, Dora Vieiro e Carme Freire compartiron con nós a experiencia de Daquí Darredor, grazas á cal puxéronse en marcha dous anovadores proxectos para Brión e a súa contorna: un matadoiro móbil e unha cociña comunitaria.

A iniciativa xurdiu dun grupo de persoas que levan doce anos comercializando as súas producións en común nas comarcas de Compostela, Barbanza, Mahía e Sar. Estas persoas atopáronse con que non podían vender carne de animais sacrificados en casa ou produtos transformados



como conservas. Así que, co apoio do Concello de Brión en primeira instancia, e tamén de institucións como a Deputación da Coruña ou o GDR Terras de Compostela, desenvóléronse os proxectos devanditos para poder dar cobertura legal a este tipo de producións.

Para a **cociña colectiva**, rehabilitouse un local dun centro comercial abandonado. No seu deseño, as instalacións orientáronse a facer conservas, zumes e transformados de froita e hortalizas. Tamén se destinou unha sección para facer elaborados en base a masas de fariña como pasta, filloas, etc. Todo este deseño foi decidido en común e de maneira assemblearia.

En canto ao **matadoiro móbil**, Dora Vieiro, que é veterinaria, explicounos que *“a normativa europea que regula isto é moito máis flexible do que nos din”.* De feito, este matadoiro móbil é unha patente italiana que xa funciona na rexión de Umbría e que cumpre tódalas normas sanitarias esixidas na Unión Europea. Ademais, ao ser móbil, evita que haxa que transportar os animais antes do sacrificio, evitando o seu estrés. Con este matadoiro, pódese facer a matanza en cada casa, e que a carne obtida cumpre tódalas esixencias sanitarias e legais para poder comercializarse despois.

✓ CUME DO AVIA

Álvaro Diéguez Collarte explicou no Foro a experiencia de

Cume do Avia, un proxecto vitivinícola do que xa temos falado en anteriores Fouce (nº 252-p.12 e nº 309-p.32). En Allariz, Álvaro centrouse nos comezos da experiencia, alá polo ano 2005, na que cinco mozos da familia Diéguez Collarte, que viñan do asociacionismo xuvenil, decidiron resucitar a aldea viñateira de Eira dos Mouros, na parroquia de Santo André de Camporredondo. Ningún deles tiña experiencia profesional no sector, pero quixeron aproveitar a concentración parcelaria para iniciar un proxecto co que *“recuperar os coñecementos e formas tradicionais de traballo co viño da xente que viviu antes aquí seguindo un modelo ecolóxico”.*

Tras uns inicios de loucura, nos que tiveron que negociar as terras con 150 propietarios, nos que investiron en maquinaria de segunda man sen ter nin idea de utilizala, e mesmo deixaron postos de traballo mellor remunerados como prazas de profesor, comezaron a súa andaina. Inicios duros nos que tiveron que aprender a manexar as máquinas e traballar para terceiros de cara a ter ingresos até que as vides comezasen a producir. Mesmo fixeron obra civil, mentres ían vendendo as primeiras colleitas de uva. Iso foi até 2012, cando trala vendima lles baixaron o prezo habitual que lles pagaban pola uva de 1'50 € a 1 €. *“Estabamos afogados, pero por orgullo decidimos que non vendíamos a uva. Nese intre, demos o*

paso de elaborar viño, con tan boa sorte que se nos abriu unha grande saída de mercado ao ano seguinte, en 2013”. Ese ano, xa tiveron a primeira colleita oficial que comercializaron como a primeira anada de Cume do Avia en 2015. Hoxe, felizmente, a historia segue.

✓ NONÉOMESMO

Finalmente, falou Xosé Manuel Durán, da Asociación Nonéomesmo, que naceu na bisbarra de Compostela para ser un punto de encontro entre labregos e labregas, persoas que consumen, restaurantes, tendas de barrio e pequeno comercio. *“Era necesario facer visibles as caras medioambiental e social dos alimentos para xerar confianza na cidadanía”*, explicou Durán. Para isto, crearon as chamadas *“Cartas labregas de compromiso”* coas que labregos e labregas comprométense publicamente sobre que, como e onde producen. Máis alá de certificacións oficiais que avalan o produto, *“nós criamos que era fundamental avalar as persoas. Os labregos e as labregas son a peza máis importante desta rede e é necesario xerar unha confianza. Por iso, acordamos establecer uns prezos mínimos e máximos por ano agrícola, cun compromiso de planificación e de cantidades, transparencia na cadea de valor, tanto dos labregos e labregas como das tendas e a capacidade de absorber excedentes cando chegase o momento”.*

Hoxe en día, están nesta rede oito tendas de barrio, que son a práctica totalidade das que quedan en Compostela, catro restaurantes, dez labregos e labregas da contorna e seis envasadoras que venden produtos transformados. A medio prazo, dentro dos orzamentos participativos do Concello de Compostela, está solicitada a rehabilitación da Escola Unitaria de Aríns onde se creará a Escola de Agricultura e Apicultura Ecolóxica para formar á cidadanía do rural compostelán e recuperar o agro ao redor das cidades. **SEGUE ▶**



Urgenci, Isabel Álvarez

Isa Álvarez explicounos o traballo que está a desenvolver a rede de agricultura sostida pola comunicade (Community Supported Agriculture-CSA), que traballa a nivel mundial na promoción de comunidades de “*persoas produtoras e consumidores xuntas construíndo soberanía alimentaria*”. A diferenza dos grupos de consumo, nos CSAs compártense os riscos e beneficios do colectivo en tódalas direccións. Se queres saber máis, podes visitar urgenci.net ou ver o Fouce 304 (p. 18) e o Fouce 314 (p. 9).




BOND Project, Dora Cabaleiro

Dora Cabaleiro, labrega representante do SLG no Proxecto BOND, falounos desta experiencia financiada pola UE que, nunha primeira fase, tentou tecer redes de intercambio de coñecementos e experiencias ao redor do traballo colaborativo e cooperativo en cuestións alimentarias. Agora, comeza unha segunda fase na que se realizarán obradoiros en diversos países centrados nos circuitos curtos de comercialización. Neste marco, Galiza acollerá un obradoiro estatal co SLG como anfitrión en outono de 2019. (Ver Fouce 321, p. 11)



Rede Revolta, Carreira e Carral

Xoán Carlos Carreira e Emilio Carral presentaron a Rede Revolta, que é unha rede de grupos de investigación da Universidade de Vigo e a USC de disciplinas como ecoloxía, economía, historia, enxeñería agroforestal, etc. O obxectivo é, entre outros, impulsar accións e investigacións sobre alimentación sustentable, identificar experiencias innovadoras no medio rural, etc. Froito deste traballo, publicouse *Revolutando á Terra*, libro no que reflexionan sobre a volta ao rural e se relatan dez experiencias prácticas. +info: revolta.usc.es



Resulta difícil resumir dous días tan intensos en experiencias, intercambios e traballo como os vividos no III Foro Labrego de Agroecoloxía. Ademais das intervencións para falar de Urgenci, o Proxecto BOND ou das análises sobre a Galiza agraria de Emilio Carral e Xoán Carlos Carreira (parte superior da páxina); tamén houbo (imaxes da metade inferior da páxina, de esquerda a dereita e de arriba a abaixo) obradoiros prácticos sobre a xestión dos colectivos, por Serxio Sánchez Taboada, e análise económica dos proxectos agroecolóxicos, por Jorge Molero Cortés. Finalmente, unha mística coordinada pola coreógrafa e intérprete de danza, Nuria Sotelo, puxo peche ao Foro

VIÑO ▶ As fortes incidencias polo mildiu e o black roth, xunto á meteoroloxía adversa nalgúns zonas, condicionaron os rendementos en tódalas denominacións de orixe

A caída na produción e a estabilidade nos prezos marcou a vendima de 2018

Os valores da uva mantiveron os niveis do ano pasado cunha lixeira tendencia á alza debido ao descenso da cantidade

Este ano, a colleita de uva veu condicionada, como xa informamos no anterior Fouce, por fortes ataques de fungos como o mildiu ou o black roth, que afectaron de maneira desigual, dependendo da zona, e se cebaron especialmente cos viñedos traballados en ecolóxico, con abondosas perdas.

En **Valdeorras**, por exemplo, apañáronse 4'7 millóns de quilos de uva. O noso vocal na denominación de orixe, Antonio García, explicounos que o normal son colleitas de 6'5 millóns de quilos, polo que, en cantidade baixouse un terzo a produción respecto dunha vendima media. Esta mingua da produción afectou máis a castes máis sensibles aos fugos, como a garnacha, cunhas perdas do 70%.

Iso si, aumentouse un 15% dende o ano pasado. E é que en Valdeorras levan tres anos seguidos con colleitas baixas en cantidade debido ás inclemencias meteorolóxicas, aos fungos, ou a ambas incidencias. A parte positiva disto é que as adegas están a vender sen problema a súa produción, e mesmo hai varias que quedaron sen existencias para a campaña de nadal. En prezos, a Godello acadou unha cotización de 2 € por quilo e a Mencía 1 €.

Tamén en **Rías Baixas** a colleita foi máis baixa ca outros anos. Ao peche deste Fouce, non se fixeran públicos os datos da vendima, pero o noso vocal, Manuel Carrera, adiantounos que se chegaron aos 38'5 millóns de quilos, con estabilidade nunhas



subzonas, coma o Salnés, e descensos noutras, coma O Condado ou O Rosal. As caídas de produción nestas dúas subzonas foron do 7% e do 10%, respectivamente, sumando entre as dúas unha baixada ao redor de 1 millón de quilos.

En canto aos prezos, estiveron sobre 1'50 € por quilo para a uva Albariño, un valor lixeiramente superior ao do ano pasado. Mesmo houbo casos puntuais de adegas que pagaron a 1'70 €. Son prezos bos que están tendo estabilidade nos últimos anos grazas ás boas vendas desta DO.

Na **Ribeira Sacra**, tiveron unha boa colleita, apañando case 6'2 millóns de quilos a pesares de ter tamén complicacións co black roth, o mildiu e algunha sarabiada. As previsións dunha caída na produción a causa disto fixo que os prezos da uva tivesen certa tendencia á alza, pagándose a Mencía entre 1 e 1'30 €. Para Primitivo Lareu, vocal no consello regulador da

Ribeira Sacra, “o máis importante foi que a colleita veu moi atrasada e pensabamos que iso ía influír negativamente na calidade, ao cadrar co mal tempo de

outono; pero viñeron bos días, e iso axudou a unha boa maduración da uva e a darlle unha calidade extraordinaria que non agardabamos”.

Advirten de posibles prácticas sospeitosas nalgúns DOs

No **Ribeiro**, con prezos ao redor de 1 € para a Treixadura, esta vendima veu con polémica por un aumento dos rendementos do 25% aprobado polo consello regulador para toda a denominación de orixe ao comezo da vendima, a pesares da alta incidencia do mildiu e do black roth. As subas de rendementos só son admisibles en anos excepcionais nos que se prevén grandes colleitas e, en todo caso, deberían analizarse viñado por viñado, e non concedelas así, en xeral, para toda a DO.

Fontes consultadas polo SLG apuntan a que este aumento de rendementos inxustificado pode facilitar prácticas fraudulentas como a entrada de uva foránea na denominación de orixe, algo que tamén podería acontecer noutras zonas xeográficas se analizamos os datos. En **Monterrei**, por exemplo, o consello regulador publicou un comunicado anunciando o máximo histórico acadado nunha vendima, con case 5'6 millóns de quilos. Isto contrasta coas perdas causadas polas fortes incidencias que houbo tamén por ataques fúnxicos nesta zona. Na vendima do ano pasado, aconteceu algo semellante, pois tiveron oficialmente unha boa colleita cando se perdeu boa parte da uva na DO a causa das xeadas.

VÍTOR FERNÁNDEZ CASEIRO, GANDERÍA CASA DO NEIRO ▶ Vítor é un mozo de 33 anos que, coma moitos do rural, buscaron mellores oportunidades fóra da aldea. Tras dez anos traballando como comercial, tivo que regresar á casa de Esmoriz (Chantada) e facerse cargo dunha granxa de leite cando “nunca muxira unha vaca”. Dende o primeiro minuto, sentiuse apaixonado polo traballo gandeiro, pero tamén contrariado por ter que asumir un modelo de produción industrial. Nesta entrevista, Vítor cóntanos como nadou contracorrente para poder vivir dignamente desta profesión muxindo pouco máis de vinte vacas en réxime de pastoreo.

“Facemos pastoreo día e noite porque é o mellor para as vacas e para nós”

✓ **Nun principio, comezaches a túa vida laboral fóra da casa e á marxe da gandería. Por que?**

Eu estudei música no conservatorio e, ao cumprir os dezoito, marchei traballar a unha empresa de distribución de alimentos do meu tío. Comecei como repartidor e, despois, xa traballei como comercial. Pasei dez anos da miña vida vendendo até que, en 2013, coa chegada da crise, quedei no paro.

✓ **Que te impulsou a volver á granxa familiar?**

Houbo un intre no que estando desempregado, e cotizando como autónomo pero sen apenas actividade, tiveron que operar a miña nai. Como ía estar entre tres e catro meses de baixa e meu pai estaba prexubilado, resultábanos inviable contratar a alguén para substituíla, polo que decidín incorporarme.

✓ **Polo menos, xa tiñas experiencia de traballar na casa.**

Non. A miña experiencia era nula, máis alá de axudar en tarefas como ensilar ou quitar o zurro. Nese momento da miña vida, eu nunca muxira unha vaca e apenas tivera contacto directo co gando. Literalmente. Os traballos da granxa sempre mos quixeron quitar de diante.

✓ **Daquela, ¿foron difíciles os comezos?**

Pois non. Xusto colleume nunha época na que estaba moi queimado da miña etapa como comercial. Volvín a casa resignado, dicindo para min que esa era a única saída que me quedaba: muxir vacas. Pero foi regresar, e comezou a gustarme dende o principio. Antes de ope-

rarse, miña nai explicoume como tiña que facer o traballo, que coitado particular precisaba cada vaca. E, en canto coñecín os animais, foi doado.

✓ **Pagou a pena o cambio?**

Si, moito. Durante varios meses, traballei como me ensinaron, cun método convencional, e tentaba mellorar seguindo ese camiño marcado: pastorear polo día, estabular pola noite, todo orientado a que cada vaca producise o máximo posible en calquera época do ano: máis de 9.000 litros por animal. Estamos a falar de producións moi altas para estar en pastoreo e iso xeraba moitos problemas veterinarios como baixa fertilidade ou cetose.

✓ **E que fixeches?**

En primeiro lugar, pasei a un réxime de pastoreo día e noite porque pensabamos que era o mellor para os animais e para nós. Nesa etapa, comezou un ruxe ruxe de que Celta ía introducirse no mercado do leite ecolóxico e romper o monopolio que, daquela, tiña Lactalis en Galiza. Celta, para poder entrar neste mercado, ofreceu prezos moi bos -estamos a cobrar un prezo base de 50 céntimos máis calidades- o que nos animou a dar o paso.

✓ **E foi doado ese paso?**

Ao facer pastoreo día e noite, para dar ese paso a ecolóxico só tiven que seguir a facer o que xa facía pero sen botar químicos algo que, por outra banda, xa tiña intención de facer por motivos de conciencia. Todo isto animounos a pasarnos á produción ecolóxica hai dous anos.



“A raza que máis se asemella á vaca de toda a vida é a Montbeliarde”

✓ **Fálame un pouco das prácticas gandeiras na vosa granxa.**

Traballamos miña nai e máis eu e xestionamos 27 hectáreas de superficie. Procuramos pastorear día e noite, sempre que teñamos pastos. Cando non hai pasto, pastoreamos o que podemos polo día e damos silo en pesebres no exterior pola noite, pero nunca estabulamos as vacas. Só entran nas cortes para muxir e para darlles penso; despois, volvemos botalas fóra.

✓ **As frisoas non deron problemas para vivir nestas condicións?**

A frisoa tamén é unha raza válida para pastorear. O que ten é que, se a comparamos cun coche, sería un Ferrari: precisa boas estradas, bos mecánicos, un bo taller, etc. É un animal que se deseñou só en termos de produción de leite, sen coidar outros aspectos como a fertilidade ou o físico. Eu apostei por introducir a raza Montbeliarde na nosa granxa, que foi unha maneira de recuperar a raza tradicional que houbo aquí toda a vida, unha vaca rústica que se foi cruzando coa Rubia, apta para dar carne e leite. Pero perdémola. A raza que máis se asemella a esta vaca nosa é a Montbeliarde. Trátase de animais con boa aptitude cárnica e de leite, cun bo físico, poucos problemas en parto e moi bos de patas. Unha raza espectacular para min. Así que, hai cinco anos, merquei seis Montbeliarde. Hoxe, sigo conservando esas seis e teño, a maiores, once becerras máis. En produción, teño actualmente 21 vacas dun total de 36 cabezas. **SEGUE ▶**

“Cando botei as vacas vivir fóra das cortes, dixeron que ía matar os animais”

✓ **Realmente é rendible traballar cunha trintena de vacas? Compensa a baixada de produción cos prezos altos que tedes en ecolóxico?**

Si que compensa, porque a redución dos custes supera o que deixamos de producir. Aforramos en penso, horas de traballo, gastos veterinarios, auga, electricidade, gasóleo... Aforramos en todo. Só en penso, gastamos a metade que antes.

✓ **Cales son os teus plans de futuro? Ampliar? Diversificar?**

Si, teño pensado ampliar un pouco máis e diversificar. Temos monte parado que me gustaría xestionar con colmeas, castiñeiros, quizais algúns porcos; mesmo facer transformación de lácteos. Pero non teño nada decidido e aínda haberá que agardar uns anos. Quero aproveitar os bos prezos que teño agora para amortizar e ir facendo novos investimentos de maneira que, máis adiante, se os prezos van a peor, poida ter outras producións das que tirar.

✓ **Tiveches unha participación moi activa no Festival Son Labreg@, como organizador e como músico. Que sabor de boca che deixou?**

Moi bo. Ver tanta xente da contorna e fóra que pasou o día en Garabelos e que se implicou, sentíndose a gusto coas nosas propostas, para min foi un orgullo.

✓ **Cres que é importante organizar este tipo de eventos para a mocidade do rural?**

Si, sobre todo porque nos dan a posibilidade de poñernos en contacto entre nós. Hai moita xente que está a facer cousas moi interesantes vinculadas á terra e, moitas veces, non nos coñecemos. Tendemos a estar illados e, deste xeito, eventos coma o Son Labreg@ serven para poñernos en contacto, para falar e compartir as nosas problemáticas durante unhas horas e poder regresar ao teu entorno pensando que non estás tan tolo.

✓ **Daquela, ¿hai quen pensa que estás tolo por facer o que fas?**

Agora non, porque as contas e o traballo xa dan resultados a nivel social e económico. Eu síntome moi a gusto producindo desta maneira, tentando contaminar o menos posible e facendo as cousas ben. Agora esta aposta está a dar os seus froitos e é un orgullo para min, pero antes non era así.

✓ **Como era?**

A primeira vez que botei os animais día e noite en pastoreo, a vivir fóra das cortes, dixéronme que ía matar as vacas, que ía arruinar todo o que fixeran meu pai e miña nai. Escoitei comentarios como que estaba tolo perdido, que viña dun mundo que nada tiña que ver coa gandería, que estaba trabucado. Escoitei



Vítor Fernández compaxina o traballo na granxa (na outra páxina) coa súa achega ao grupo chantadino Liviaio de Marrao como saxofonista (na dereita da imaxe)

de todo. Como na canción dos Herdeiros da Crus: “Éche bon rapaz, non che ten maldad”. Pri-

meiro, todo o mundo botaba pestes contra min, pero agora dinme que dei o paso acertado.

“A volta da xente nova ao rural debe basearse na soberanía alimentaria”

✓ **Botas de menos que non haxa máis xente nova polo teu entorno?**

Si, boto de menos que non haxa máis xente nova e que non haxa máis persoas que aposten por este tipo de producións, porque ten moitas posibilidades. Non me explico por que a gandería non vai cara a modelos coma este. Supoño que terá moito que ver co entorno no que vivimos, o capitalismo e o consumismo no que nos movemos e que nos empuxa cada día máis. En gandería, o capitalismo está moi implantado e imponos un modelo no que somos dependentes absolutos. Porén, cando diversificamos e optamos por producións máis pequenas, tentando chegar ao cliente de maneira directa; vivimos nós, damos de comer a máis xente, creamos postos de traballo, etc. Esa é a única maneira de que o rural volva ir cara a arriba.

✓ **Entón, ¿cres que a agricultura e a volta ao campo podería ser un remedio contra o éxodo da mocidade?**

Por suposto. Pero se pensamos en venderlle á industria, trabucámonos. A volta da xente nova ao rural debe basearse en claves como a soberanía alimentaria. Sen soberanía alimentaria, non hai maneira de que os mozos e mozas volvan ao rural. É imposible. Se todos e todas vendemos á industria, estaremos facendo todos e todas o mesmo, e só tres

ou catro poderán vivir malamente do campo. Pero se tecemos redes, con producións diversificadas que teñan valor engadido, volveremos traer xente para as aldeas.

✓ **Cres que as administracións son importantes nese cambio?**

Tendemos a botarlle a culpa á Xunta do mal que nos van as cousas, pero temos que admitir que a Xunta nunca fixo nada e non podemos contar con ela. Se agardamos que a Xunta solucione isto, nunca veremos a solución. Creo que se pode facer moito máis dende os concellos, e Allariz é un bo exemplo do que digo.

✓ **E que tal por Chantada, entón?**

No caso de Chantada, temos unha praza de abastos que dá noxo e vergonza. Ver esa praza de abastos é ver o reflexo da política agraria que ten o noso concello. Temos un par de postos de venda de carne e outro tanto de froita, pero coa riqueza agro-gandeira que ten Chantada, esa praza debería estar chea de postos de venda con alimentos producidos localmente e vendidos polas propias labregas e labregos. E non é así. O rural que se impón é un no que o meirande das granxas só están preocupadas por producir máis e máis leite para a industria e en coller unha boa PAC. E o rural non o imos erguer así.

FIN ■

FAUNA SALVAXE ▶ O Sindicato Labrego Galego desenvolveu, entre setembro e outubro, unha intensa campaña dirixida a denunciar a indefensión que sofren as nosas granxas diante dos ataques da fauna salvaxe e da ausencia de medidas de control ou paliativas por parte da Xunta de Galicia. E fixémoslo explicando a cuestión diante da Valedora do Pobo, coa que nos reunimos o pasado 3 de outubro, e levando os medios de comunicación até as leiras e praderías arrasadas polo xabaril en concellos como A Estrada ou O Corgo.

O SLG leva á Valedora do Pobo a fauna salvaxe diante do abandono da Xunta

Durante os últimos meses, o Sindicato Labrego Galego denunciou, en varias xuntanzas mantidas con responsábeis da Consellaría de Medio Rural e do Servizo de Protección da Natureza, o gravísimo problema que supoñen os ataques da fauna salvaxe ás diversas actividades agrogandeiras na Galiza. A pesares destes encontros, a Xunta seguiu sen facer nada para solucionalo.

Diante deste abandono de funcións, o SLG decidiu levar a cabo unha campaña de denuncia que iniciou co rexistro, a inicios de setembro, dunha solicitude de xuntanza coa Valedora do Pobo. Resultado desta acción, celebrouse o encontro coa Valedora, Milagros Otero, o 3 de outubro. A el asistiu unha comitiva do SLG formada pola súa secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane; o responsábel do sector de Vacún de Carne, Lois Varela; e, por parte da Dirección do Leite, a súa coordinadora, Lupe Prado, e Eliseo Cebreiro.

A Valedora do Pobo comprometeuse a estudar o tema. Ademais, solicitou un informe á Consellaría de Medio Rural para saber que medidas se están a tomar diante deste problema. Na xuntanza, a Valedora cedunos o informe para que o SLG realice unha avaliación do mesmo e para analizar e argumentar por que as medidas da Xunta non están a funcionar. Dende o SLG, comprometémonos a estudar o documento nas distintas direccións sectoriais da nosa organización para concretar por que falla a xestión da fauna salvaxe e a súa convivencia coas actividades agrogandeiras.



Medio Rural anuncia axudas aos danos do xabaril trala campaña do SLG

Para o Sindicato Labrego Galego, e así llo transmitimos a Medio Rural, Medio Ambiente e á Valedora, a única solución posible é que a Xunta asuma a responsabilidade civil subsidiaria dos danos causados pola fauna salvaxe, cubrindo o 100% dos mesmos e o lucro cesante provocado.

Para o SLG, o mantemento da fauna salvaxe é unha responsabilidade de toda a sociedade galega e, polo tanto, da Xunta de Galicia, polo que os danos que esta causa deben ser custeados con cartos públicos. Porén, agora mesmo existe un sistema de compensacións totalmente insuficiente que só cobre unha mínima parte dos ataques, de contías cativas que non compensan os danos causados e que acumula varios anos de atraso á hora de facer os ingresos. Por se non abundase, os únicos danos polos que se poden reclamar estas cativas indemnizacións teñen que ser de lobos.

Nunha das varias comparecencias ante medios de comunicación que fixemos, a secretaria xeral do SLG advertiu tamén do perigo sanitario que supón

a proliferación de animais coma o xabaril. “*Hai unha alerta da Comisión Europea ao Estado Español pola posible transmisión da tuberculose dende os xabarís ao gando vacún, algo que xa se deu en Extremadura e que, de seguirmos así, causará graves problemas sanitarios tamén na Galiza*”. Sen ir máis lonxe, en Bélxica, declarouse, en setembro, un brote de peste porcina africana transmitida por xabarís que obrigará ao sacrificio de 4.000 porcos.

A raíz desta campaña do SLG, a Xunta xa anunciou que se volverán convocar axudas para paliar os danos do xabaril en 2019 (as últimas convocáronse no ano 2016). Ademais, o 22 de outubro, celebrouse unha xuntanza do Plan de Acción Global para a Xestión do Xabaril, coa directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, á que asistiu Diego Sánchez por parte do SLG. Neste encontro, coñecemos datos como que, na última campaña, houbo só na Galiza 20.000 batidas nas que se cobraron 16.180 xabarís e, no que vai de ano, 1.180 atropelos de porcos bravos nas estradas. **SEGUE** ▶

Percorrido pola rota de estragos que deixa o xabaril por toda Galiza



Para ilustrar esta problemática, o Sindicato Labrego Galego organizou dúas visitas con medios de comunicación a granxas afectadas polos ataques do xabaril nos concellos da Estrada (Pontevedra) e O Corgo (Lugo).

✓ **Xosé Manuel Gestoso** é un gandeiro de Santeles (A Estrada) que nos amosou os estragos que os xabarís lle fixeron en varias leiras de millo. Calcula que este ano, das 30 hectáreas que planta, 3 foron arrasadas: un 10% da colleita. *“Imos ter que abandonar as explotacións. Así, non damos vivido”,* queixouse Xosé Manuel. Respecto aos apoios da Administración, quixo responder á Xunta cando afirma que hai poucas denuncias: *“É normal”,* explicou. *“Estamos aburridos de denunciar. Algúns pediron axuda, e concedéronlla; a outros, non. E pagan tarde, mal e arrastra, supoñendo que paguen. Diante dunha denuncia de ataques ou presenza de xabarís, a Xunta debería actuar de oficio e con carácter de urxencia: permitir batidas, trasladalos de lugar, o que eles queiran, pero solucionar o problema, non mirar para outro lado. Algunha solución teñen que buscarlle porque isto só pode ir a peor”.*



Na páxina anterior, xuntanza coa Valedora do Pobo, Milagros Otero. Nesta, de arriba a abaixo, Xosé Manuel Gestoso, Rosa Basteiro e a secretaria xeral do SLG con Xosé Luís Fernández, amosando os estragos causados polo xabaril en leiras e praderías

sa. *“O xabaril estraga os regadíos, os prados, o millo, as patacas, a horta... Levamos padecendo este problema dende hai 25 anos. Aquí sementabamos centeo, aveia e outros cultivos que tivemos que deixar de botar porque o xabaril non nos deixaba nada”.* En canto ás axudas, Rosa solicitou compensacións da Xunta hai dous anos, cando o xabaril lle estragou a metade dunha finca. *“Cumprimos todos os requisitos e rexistramos a solicitude en prazo pero, a día de hoxe, non nos contestaron”.*

✓ **Manuel Ferreiro, Xosé Luís Fernández e Xosé Antonio López Fouz.** Estes gandeiros do Corgo están impotentes diante das incursións do xabaril aos seus prados, a pesares de estar cercados de maneira preventiva, tanto con sebes coma con pastores eléctricos.

Nesa acción de denuncia, a secretaria xeral do SLG explicou que *“quixemos dar visibilidade ao enorme problema que teñen as granxas cos ataques da fauna salvaxe. Estes casos que podemos ver hoxe son casos de familias que perderon a alimentación que tiñan para o gando, e que van ter que mercala fóra e facer un forte desembolso para restaurar os prados. E, cando acaben de amañar, o máis probable é que o xabaril volva estragalo todo outra vez”.* *“A xente está desesperada”,* queixouse Isabel Vilalba. *“Hai moitas granxas que xa non sementan millo porque llelo estraga sempre o xabaril. Todos estes gastos extraordinarios e dificultades súmanse a outros problemas como o dos baixos prezos ou a suba de moitos insumos necesarios para a produción gandeira”.*

A maiores, tamén se publicaron en redes sociais como Facebook ou Twitter os estragos do xabaril noutros concellos como Xunqueira de Ambía, Portomarin, Becerreá, Bóveda, Láncara, Ordes, Mesía ou Pedrafita. **FIN** ■

FORESTAL ▶ O documento presentado pola Xunta segue beneficiando o eucalipto, que actualmente ocupa o 17% do territorio galego con máis de medio millón de hectáreas

Fronte común para pedir a retirada da nova revisión do Plan Forestal de Galicia

Máis de setenta colectivos, entre os que se atopa o Sindicato Labrego Galego, rexistraron a petición a comezos de outubro

O pasado 3 de outubro, unha comitiva de representantes de varias organizacións e colectivos sociais, na que se atopaba Diego Sánchez Agra en representación do Sindicato Labrego Galego, rexistrou na Xunta un documento no que se solicitaba a anulación da proposta de revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG) e a elaboración dun novo documento de consenso. O novo plan que se redacte debería partir dunha planificación e información actualizada do monte galego e tendo en conta “a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de usos, o fomento do arborado autóctono, o mantemento dos servizos ecosistémicos que prestan os montes galegos e a sustentabilidade económica e social”.

O texto rexistrado está estruturado en 16 puntos, e a primeira crítica consiste en que, na revisión que fixo do Plan Forestal, a Xunta empregou datos de 2009, polo que levan desfasados case unha década. Un bo exemplo deste desfase son os datos do PFG sobre o eucalipto. Na última década, a superficie ocupada por eucaliptos, especialmente o *nitens*, aumentou de forma exponencial con respecto a 2009. As estimacións apuntan a que, hoxe en día, as masas puras e mesturadas de *Eucalyptus* xa superan cando menos as 500.000 hectáreas de superficie en todo o territorio galego.

A revisión do plan forestal tampouco pon couto á expansión do eucalipto nin establece medidas para reducir a súa pre-



Diego Sánchez Agra, terceiro pola dereita, representou ao SLG na comitiva

senza. Na actual proposta da Xunta reconécese que o plan forestal vixente non conseguiu frear a expansión desta especie, que xa ten as masas forestais máis abundantes de Galiza. Só o eucalipto ocupaba en 2009 o

20% do monte arborado galego, case o 15% da superficie forestal total e o 10% do territorio. Hoxe, eses datos que son os que se utilizaron para elaborar a revisión do PFG, xa están desfasados. As estimacións apuntan a

que, na actualidade, o eucalipto xa ocupa o 17% do territorio galego.

Outra das eivas da revisión do PFG é que foi elaborada sen contar cos axentes sociais do sector e excluindo organizacións agrarias, entidades e colectivos de defensa ambiental, patrimonial e cultural. Ao final, trátase dun documento redactado pola patronal madeireira que só busca a explotación industrial do monte.

No terceiro punto, criticase que o novo Plan Forestal non contemple a creación dun instrumento de control ou dun organismos de xestión que garanta o seu cumprimento. De feito, do anterior plan, aprobado en 1992, non se cumpriu ningún punto.

Polo demais, o documento da Xunta segue sen achegar solucións realistas ao problema dos lumes forestais.

O texto da Xunta beneficia con incentivos fiscais os cultivos forestais enerxéticos

Outra das críticas denuncia que o novo Plan Forestal de Galicia foi elaborado só con fins produtivistas, relegando a posicións anecdóticas outros tipos de produción (gando, froitos, cogomelos, mel, etcétera) e outros valores do monte que, ademais do económico, son esenciais. O documento analiza as oportunidades do monte galego desde o punto de vista das industrias forestal e enerxética. Pola contra, rebaixa a un interese secundario outras funcionalidades produtivas e económicas dos montes e de servizos que deberían ser preservados como, por exemplo, os ecolóxicos, culturais, paisaxísticos ou sociais, todos eles esenciais para a vida e o desenvolvemento sustentable da sociedade galega.

No sexto punto, o texto critica que a revisión do PFG promove o aproveitamento da biomasa forestal só con fins enerxéticos, obviando o seu papel fundamental na restitución de materia or-

gánica e nutrientes para o solo. Mesmo na lista que fai de aproveitamento sustentable do monte inclúe os cultivos enerxéticos, cando son moi agresivos para o solo. Cultivar especies de crecemento rápido e foráneas para talar e queimar en ciclos curtos só beneficia a grande industria pasteiro-enerxética a costa de sacrificar terras para o cultivo de alimentos, agravar os efectos do cambio climático, favorecer o despoboamento rural, e elevar enormemente o risco de incendios. O novo Plan Forestal mesmo prevé dotar estas prácticas de incentivos fiscais.

As alegacións abundan en máis eivas como o feito de que non se avance no control das especies exóticas invasoras; que só se incentiven fiscalmente usos que favorecen as industrias madeireira e enerxética; ou que non contemple a creación dun selo de certificación forestal público e galego. **+información en: bit.ly/AlegaPlanForestal**

CONSELLARÍA DE MEDIO RURAL ▶ Feijóo nomeou como novo conselleiro a José González Vázquez

O SLG lémbrale ao novo conselleiro as materias pendentes de Medio Rural

O novo titular de Agricultura da Xunta mantivo un primeiro encontro de traballo coa secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba

A finais de setembro, o presidente Feijóo anunciaba unha remodelación do seu goberno. A conselleira Ángeles Vázquez deixaba sen pena nin gloria a súa carteira para pasar a ser a responsábel de Medio Ambiente, e nomeaban novo conselleiro de Medio Rural ao ourensán José González Vázquez.

Inspector de Facenda e profesor de Dereito Financeiro, a relación de González co mundo agrario é a de ser voceiro do PP no Parlamento de Galicia en temas do agro e ser fillo de fundador e irmán do xerente da adega do Casal de Armán (Ribeiro). Tamén forma parte da comisión de estudo da reforma da política forestal, de prevención e extinción de incendios, e do Plan forestal de Galicia.

Como adoita ser habitual, o conselleiro mantivo encontros de cortesía con representantes

das organizacións agrarias. No caso do SLG, a secretaria xeral, Isabel Vilalba, reuniuse con González o 2 de outubro. Nesta primeira toma de contacto, dende o SLG aproveitamos para poñer sobre a mesa numerosas materias pendentes de Medio Rural.

Algunha das problemáticas das que lle falou a secretaria xeral a González xa supoñen eivas crónicas para a nosa agricultura: o feito de que os prezos en orixe sigan sen cubrir os custos de produción, a escasa dispoñibilidade de terra agraria para as nosas granxas ou os danos da fauna salvaxe son atrancos que seguen aí sen que a Consellaría de Medio Rural teña feito nada ao respecto; máis ben o contrario. Medidas como a convocatoria de mesas de prezos nas que Medio Rural facía de mediadora, hai moitos anos que non se convocan; a pasividade diante da superpoboación de especies salvaxes como o xabaril; ou a forestación de terras agrarias; foron temas concretos que Isabel Vilalba denunciou na xuntanza.



O encontro entre o conselleiro e a secretaria xeral do SLG foi o 2 de outubro

A secretaria xeral do SLG expúxolle a González que hai medidas concretas que se poden tomar dende Medio Rural para comezar a traballar e que só dependen de vontade política: convocatoria de mesas de prezos, mellorar a cobertura das indemnizacións por ataques de fauna salvaxe e recortar o máximo posible a espera para ingresar as axudas, actuar de oficio na forestación ilegal de terras, promover estudos que fixen os custos de produción de cara a termos ferramentas para fixar prezos de referencia nos diversos sectores, etc.

✓ Por unha viraxe labrega da PAC

Outro dos temas tratados foi o das axudas da Política Agraria Común (PAC). Vilalba salientou a necesidade de darlle outra

orientación aos criterios de reparto para que beneficien, especialmente, a mocidade labrega, as novas incorporacións á actividade agraria ou as granxas de dimensión familiar. Neste senso, serían necesarias alianzas con outras comunidades do Estado que queiran apostar por un modelo de PAC e un reparto das axudas máis xusto e orientado cara a un asentamento cada vez maior de persoas no rural e na profesión agraria.

Outras cuestións tratadas foron a necesidade de que a Xunta apoie investigacións dirixidas a un uso práctico no agro, a potenciación da compra pública de alimentos, ou a aposta polas producións de calidade e con valor engadido de cara a mellorar o nivel de prezos e rendas das granxas.

VACÚN DE CARNE ▶ Asistiron unha trintena de persoas

Viaxe para coñecer como conviven granxas e fauna salvaxe en Somiedo

O 25 de setembro, unha trintena de gandeiros e gandeiras de vacún de carne do Sindicato Labrego Galego viaxaron ao Parque Natural de Somiedo, en Asturias, para coñecer de preto a experiencia das granxas de alí, que teñen que convivir con importantes poboacións de oso, lobo, xabaril, veados e outras especies silvestres.

Guiados durante a xornada polo alcalde deste concello asturiano, Belarmino Fernández, e polo director do parque, Luis Fernando Alonso, soubemos dun sistema de axudas públicas para indemnizar os danos que nada ten que ver co de Galiza: mentres que Asturias destinou 3 millóns de euros a paliar os estragos causados por lobos,



xabarís, veados e osos, entre outras especies; a Xunta orzamentou menos de 300.000 € para cubrir só ataques de lobos. E se na Galiza tardamos tres anos en

cobrar, en Asturias son tres meses. No seguinte Fouce, publicaremos unha ampla reportaxe para afondar na xestión asturiana da fauna salvaxe.

COÑECENDO OS OXMs ▶ Neste Fouce inauguramos unha sección na que, ao longo de varios números, iremos coñecendo o mundo dos Organismos Xeneticamente Modificados (OXMs), sobre os que, a pesares de estar cada vez máis presentes nas nosas vidas, ás penas existe información fiable e dos que ás penas coñecemos nada. E, para empezar, farémolo aclarando unha confusión habitual, que é a que nos leva a pensar que OXM e transxénico é o mesmo, cando en realidade non é así.

Os avances científicos que se están a producir nos últimos anos no coñecemento e manipulación dos xenes permitiu que aparecesen novas técnicas de modificación xenética. Estas técnicas permitiron superar a elaboración de seres vivos transxénicos (seres nos que se introducía material xenético alleo).

Por iso, o termo transxénico quedou pequeno e xa non serve para incluír os novos seres vivos creados a partires da enxeñaría xenética. Agora temos que falar de Organismos Xeneticamente

1. A diferenza entre os OXMs e os transxénicos

Modificados (OXMs) para incluír a tódolos seres vivos que se crean a partires desas novas técnicas.

É dicir, e para aclarar conceptos, **UN TRANSXÉNICO É UN DOS TIPOS DE ORGANISMOS XENETICAMENTE MODIFICADOS QUE EXISTEN.**



Os OXMs

Calquera organismo vivo que posúa unha combinación nova de material xenético obtida mediante o uso de biotecnoloxía moderna é un OXM.

En principio, estas nova técnicas poderían servir para lograr avances importantes na loita contra enfermidades hereditarias e nos avances en novos procesos e tecnoloxías. Sen embar-

go, no eido agrícola, estas técnicas están case monopolizadas por grandes corporacións, como Bayer-Monsanto, que crean variedades comerciais e patentadas que só elas poden controlar e producir en laboratorio, de maneira que exercen un control de oligopolio sobre as sementes, as variedades de plantas e os insumos que precisan para o seu cul-

tivo, dándolles un control sobre a agricultura e a alimentación a escala planetaria.

▶ **O DATO:** Actualmente, unha serie de fusións empresariais lograron que só 4 grandes corpo-

racións controlen, agora mesmo, case o 85% das sementes e herbicidas a escala planetaria: Bayer-Monsanto, BASF, Dupont-Dow Chemical, e ChemChina-Adama-Syngenta.


Diferenza entre OXM e natural

Calquera organismo vivo que posúa unha combinación nova de material xenético obtida mediante o uso de biotecnoloxía moderna é un OXM.

As labregas levamos milenios mellorando as variedades vexetais coas que traballamos, seleccionando e cruzando as nosas variedades para obter a mellor produción e resistencia a pragas e enfermidades, pero isto fíxose mediante unha mellora natural. A mellora natural emprega a reprodución sexual, o cruzamento de variedades e a selección a través de moitos anos de traballo. Pola contra, a enxeñaría xenética emprega a manipulación artificial directa de seres vivos.

Con isto, a descendencia mediante métodos de cruzamento natural é o resultado de unir sexualmente variedades con trazos de interese para a agricultura cuxos descendentes volverán ser mellorados coa selección dos individuos que máis nos interesen e con novos cruzamentos.

▶ **Exemplo de mellora xenética natural:** En 2013 a Universidade de Valencia cruzou con éxito cabras da raza murciano-granadina, principal raza leiteira no Estado, con sementais de raza boer, de boa aptitude cárnica, logrando co cruzamento exemplares de grande potencial cárnico e un grande aforro nos custes de crianza.



Exemplo de cruzamento natural: cabra de raza Murciano-granadina, de aptitude láctea (arriba) cruzada con castrón de raza Boer (abaixo), de aptitude cárnica, para obter exemplares híbridos de mellor rendemento

En enxeñería xenética non se utilizan cruzamentos para alterar os trazos o material xenético, senón que o ADN do ser vivo é directamente alterado polos humanos nun laboratorio. Desta maneira, os OXMs creados terán todos as mesmas características e alteracións xenéticas, sen que exista diferenciación entre eles.

► **Exemplo de OXM:** A compañía Zhongke Zhengbiao Biotech modificou en Mongolia o ADN da cabra de caxemira para que produza unha la máis fina e suave; unha vez conseguido, clonou esa cabra coa finalidade de producir la de caxemira mellorada.



Exemplo de organismo xeneticamente modificado: para mellorar a calidade da la de Caxemira, Zhongke Zhengbiao Biotech modificou en laboratorio o ADN do animal. Abaixo, exemplo de organismo transxénico: para obter seda de araña a partir de leite con fins comerciais, introduciuse en cabras ADN da araña de seda dourada (*Nephila clavipes*)

Diferenza entre transxénico e OXM

Como explicamos antes, un transxénico é un dos tipos de OXM que existen. A gran diferenza dos transxénicos con respecto aos OXM é que nestes o que se fai no laboratorio é introducir no ADN dun ser vivo os xenes doutro ser vivo distinto coa intención de modificar as súas características.

► **Exemplo de transxénico:** A compañía canadense Nexia Biotechnologies logrou criar cabras ás que se lles introduciu ADN de arañas, de maneira que, a partir do seu leite, obtéñen seda de araña (*Nephila clavipes*) que comercializan coa marca BioSteel (BioAceiro). O proceso de obtención da seda consiste en secar e purificar o leite muxido, obtendo 14 gramos de seda por cada 0'9 litros. O fío de araña é un material moi apreciado por ser máis resistente que o Kevlar usado para confeccionar chalecos antibalas, máis elástico que o nylon e indeformable nun arco de temperaturas que vai dos -20º aos 330º C. E dado que non é posible facer graxas de arañas, decidiron que fosen cabras as que desen esa seda.



Tecnoloxía con efectos potencialmente devastadores baixo o control privado de empresas multinacionais

Non sabemos que efectos a medio e longo prazo terá a liberación de OXMs na natureza, nin os problemas que padeceremos nós e as futuras xeracións polos efectos desta intervención no medio natural. Os novos OXMs permiten realizar uns cambios na natureza a niveis impensables até non hai moito, como é o caso dos "impulsores xenéticos", organismos que se modificaron para potenciar a transmisión dunha cualidade concreta por riba doutras e que podería provocar a extinción completa dunha especie ou ser usada como arma biolóxica nunha guerra con resultados moito peores que os das armas atómicas. Existen demasiadas ameazas coma para deixar que sexan corporacións privadas que só pensan no beneficio dos seus accionistas as que teñan o control destas tecnoloxías.

O fiasco do primeiro tomate transxénico para consumo humano

Sen dúbida, o reino vexetal está a ser o que máis variedades transxénicas está a comercializar, principalmente de millo e soia, aínda que tamén de hortalizas como a pataca e o tomate. Para completar os exemplos desta primeira parte, imos falar agora de tomates.

Como ben sabemos, o tomate é unha especie autógena (cada flor fecúndase a si mesma), polo que, normalmente, o ser humano ten que intervir para conseguir razas híbridas. Neste caso, hai variedades de tomate moi famosas que son **híbridas**, como a RAF (siglas de Resistente Ao Fusarium) ou o Kumato.

Nos tomates temos o exemplo do primeiro alimento modificado xeneticamente que se autorizou para consumo humano: en 1994, a empresa Calgene comercializou o **tomate Flavr Savr**, co seu ADN manipulado para retrasar a maduración, de maneira que se conservaban máis tempo. En 1996, retiráranse do mercado porque a manipulación xenética provocaba, a maiores, unha pel excesivamente branda, era insípido de sabor e de cultivo moi custoso.

En canto aos exemplos de tomates transxénicos, sirva como exemplo un tomate creado polo Instituto Nacional de Investigación do Xenoma Vexetal en Nova Delhi, obtido grazas a introducirle ADN dun cogomelo *-Flammulina velutipes-* para crear un tomate resistente á seca e ás infeccións fúxicas.





MEDIO AMBIENTE ▶ Varios colectivos convocan unha manifestación contra varios proxectos industriais na zona

Ordes rebélase contra o plan de facer da comarca o vertedoiro de Galiza

A concentración contou co apoio do SLG e rexeitou novos impactos coma o dos parques eólicos ou o vertedoiro de Lesta

O pasado 30 de setembro, medio milleiro de persoas secundaron unha concentración de protesta en Ordes (A Coruña) para expresar o rexeitamento a que se sigan instalando industrias contaminantes ou de forte impacto na bisbarra. A manifestación foi convocada pola Plataforma Non aos Parques Eólicos na Comarca de Ordes, Asociación A Picota (Trazo), Comisión de Seguimento da Minería e en Defensa do Rural de Frades e Mesía, e Asociación de Afectadas polo Vertedoiro de Lesta. Dende o SLG apoiamos a convocatoria cuxo slogan rezaba “Aire, auga e terra limpas”, e que ergueu como símbolo unha mazaroca de millo.

“O obxectivo”, explicaron as organizacións convocadoras nun comunicado, “foi denunciar e chamar a atención sobre as fortes agresións que supo-

rían os parques eólicos proxectados por unha compañía de capital saudita atravesando Ordes, Mesía, Frades, Trazo e Cerceda; as novas liñas de alta tensión proxectadas para desembocar na subestación eléctrica do Mesón do Vento, que a día de hoxe xa ten máis que saturada a zona de campos electromagnéticos; o novo vertedoiro de residuos industriais de Lesta, a escasos metros do macrovertedoiro de Sogama na Areosa ao que vai parar o lixo de toda Galicia; e a actividade mineira de extracción de seixo que Erimsa pretende ampliar en Mesía e Frades a costa da vida dunha zona eminentemente gandeira”.

Tamén recordan que, máis alá da afectación directa da vida das máis de 36.000 persoas que viven nos sete concellos da comarca, a contaminación vai máis alá e afecta grandes núcleos de poboación, como Compostela, xa que os vertedoiros de Areosa e Lesta impactan directamente na conca do río Tambre, que é o que abastece a capital galega.

MINARÍA ▶ A empresa de capital noruegués e chinés porá en marcha a regulación de emprego o 1 de xaneiro

Erimsa ameaza cun ERE en Frades para obter novas concesións da Xunta

O avogado do SLG, Ramón Barreiro, denunciou graves irregularidades da mineira e expuxo as razóns para non ceder á chantaxe

Tras anos de loita para impedir que Erimsa desenvolva a súa actividade mineira na bisbarra de Ordes, a empresa vén de recorrer a unha nova estratexia para defender os seus intereses: chantaxear á Xunta de Galicia con despedir traballadores e traballadoras se non lle conceden novos dereitos mineiros para extraer cuarzo.

Erimsa levou á práctica a súa ameaza presentando un expediente de regulación de emprego (ERE) que afecta á súa planta de Frades. Segundo a mineira, “o peche afectaría a máis de sesenta profesionais que traballan no centro de maneira directa ou mediante subcontratación”. O ERE entrará en vigor o 1 de xaneiro e só o retirarán se a Xunta lle dá novas concesións.

Diante desta chantaxe, o avogado Ramón Barreiro Carnota, que representa ao SLG na Comisión de Seguimento da Minería e en Defensa do Rural de Mesía, considerou “moi graves as declaracións”, subliñando que no comunicado da propia empresa demóstranse “varias irregularidades e contradicións”.

De seguido, enumeramos os argumentos cos que Barreiro contestou:

1. Erimsa non ten maior importancia económica para a zona, xa que xera menos emprego que algunha granxa da comarca.
2. Erimsa fixo moito dano medioambiental na zona de Mesía, como cambio de augas subterráneas, enterramento das vacas “tolas”, entradas en fincas particulares sen permiso, enganos na preparación do terreo, incumprir os plans de recupera-

ción medioambiental, deixar balsas de varios millóns de litros de auga a ceo aberto, etc.

3. Erimsa crea malestar e enfrontamentos, xa que usaron aos seus catro traballadores para intimidar a veciñanza e poder explotar as súas terras.

4. Os traballos de Erimsa a máis de 20 metros de profundidade, como en Lanza, poden activar o arsénico, un metaloide moi contaminante. Erimsa non presentou ningún plan corrector do arsénico nin informou nunca dos metais pesados que remexen no movemento de terras.

5. Erimsa traballou en fincas de especial protección agropecuaria e, supostamente, segundo as súas declaracións, sen permiso.

6. Erimsa reconece que traballou miles de hectáreas na zona de Frades e Mesía. As autoridades deben investigar este tema e aclarar en cantas hectáreas tiña Erimsa autorización e en cantas non. A maiores, a Xunta debe aclarar se, nestes miles de hectáreas traballadas, cumpriron cos plans de recuperación; e investigar os vertidos das augas que saen das súas canteiras, entre elas na que enterraron centos de vacas “tolas”.

7. Erimsa reconece que non ten autorizacións da Xunta para traballar. Diante disto, procede poñer en coñecemento das autoridades que, a día de hoxe, está facendo escavacións e movementos de terras en Frades, supostamente sen permiso.

8. Erimsa remove e quita seixo que nunca máis se recupera, quedando un solo danado de por vida e irrecuperable para a actividade agraria.

9. A Xunta debe actuar canto antes e responder á chantaxe de Erimsa, así como pedir aos concellos de Frades e Mesía os permisos cos que conta esta empresa para traballar.

ESTADO ▶ Nunha xuntanza celebrada o 14 de setembro abordáronse temas como a telematización, a excesiva fiscalidade, a titularidade compartida ou o paquete lácteo

O SLG trata cuestións de Estado para o agro galego coa subdelegada do Goberno

No encontro participaron Isabel Vilalba Seivane e Xosé Ramón Cendán, por parte do sindicato, e Pilar López-Riobóo

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, acompañada por Xosé Ramón Cendán, membro da Executiva do SLG, mantiveron, o 14 de setembro, unha xuntanza coa subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Riobóo Ansorena, para tratar diversas problemáticas que afectan directamente aos labregos e labregas e que dependen, directamente, da xestión do Goberno do Estado. Estes temas foron a excesiva fiscalidade dos traballadores e traballadoras que padecen os labregos e as labregas, a obriga de telematizar tódalas xestións coa Administración, a reforma do Paquete Lácteo ou o desenvolvemento e aplicación da Lei de Titularidade Compartida.

✓ **Telematización: O 60% das persoas requiridas carecían de correo electrónico**

“A primeira cuestión que tratamos”, relata Isabel Vilalba, “foi a da obriga de telematizar as xestións administrativas a partir de outubro. A subdelegada do Goberno pediunos que lles presentásemos unha proposta alternativa para poder estudala, comprometéndose a trasladarlle as nosas demandas a instancias superiores. Dende o Sindicato Labrego insistímoslle en que hai unha grande cantidade de xente que vai quedar fóra do sistema. E a mellor confirmación disto é que a Seguridade Social estivo enviando cartas informando da nova obriga e solicitando o enderezo electrónico das persoas des-



A subdelegada do Goberno, Pilar López-Riobóo (esquerda) mantivo unha xuntanza de traballo con Xosé Ramón Cendán e Isabel Vilalba Seivane (dereita)

tinatarias para rexistralo, co resultado de que ao redor do 60% das persoas non facilitaron ese enderezo porque carecían del. Creemos que este dato, por si só, debería ser suficiente para obrigarmos ao Goberno a habilitar vías alternativas á xestión administrativa telemática. Neste senso, fixemos fincapé nas dificultades que existen para acceder a Inter-



net no rural ou na complexidade de facer os trámites de maneira telemática para unha parte importante da poboación do campo, especialmente a máis envellecida que non está familiarizada coas novas tecnoloxías. De ir para adiante esta obriga, poderían conculcarse os dereitos de miles de traballadores e traballadoras por conta propia”.

✓ **Próxima xuntanza coa Axencia Tributaria polos impostos abusivos no agro**

Outra das cuestións tratadas por Cendán, Vilalba e López-Riobóo foi a da excesiva fiscalidade, e moitas veces inxusta, á que se está a someter aos labregos e as labregas. Un dos exemplos que lle expuxemos á subdelegada foi o imposto por transmisión patrimonial que se lle cobra a persoas dunha mesma unidade familiar se fan o cambio de titularidade da granxa, algo que roza o absurdo cando ese cambio se produce entre cónxuxes que están en réxime de gananciais.

Isto afecta especialmente ás mulleres e á xente moza, dous sectores da poboación especialmente castigados polas políticas das diversas administracións. “A subdelegada do Goberno emprazounos a tratar esta cuestión con persoal especializado da Axencia Tributaria”, explicou Vilalba, “e expresounos a vontade de convocalo a unha xuntanza para tratar todas estas problemáticas”.

O fracaso do Paquete Lácteo e da Lei de Titularidade Compartida

Tamén nesta xuntanza falamos da nula vontade que houbo, nos últimos anos, para desenvolver a titularidade compartida nas granxas. A pesares de termos un marco legal que facilita a posibilidade de que as mulleres compartan a titularidade da granxa co seu cónxuxe, dende 2011, ano en que entrou en vigor a Lei de Titularidade Compartida, só se deron de alta 18 mulleres na Galiza, cando as estimacións apuntan a que hai 35.000 que se poderían beneficiar desta medida.

“O feito de que o persoal administrativo que debería tramitar estas solicitudes non está formado nin informado ao respecto, ou de que non existan campañas de divulgación, demostra a nula von-

tade da Xunta, no caso galego, de levar á práctica esta lei coa que se podería rematar coa flagrante situación de desigualdade que padecen miles de labregas”.

✓ **Paquete Lácteo: máis do mesmo**

Desta cuestión que xa tratamos na páxina 3 deste Fouce, dixo Vilalba que “a reforma do Paquete Lácteo que presenta o Ministerio de Agricultura segue a ser máis do mesmo, ao non contemplar ningunha ferramenta que realmente reforce ou defenda a posición de debilidade e indefensión dos gandeiros e gandeiras fronte ás industrias e distribuidoras”.

DIXITALIZACIÓN NO SECTOR AGRARIO

Toda a información en: www.coag.org/digitalizacionagraria o escaneando este código:



COAG
www.coag.org



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

PAC ▶ Unha manifestación o 25 de setembro culminou dous días de traballos da coordinadora labrega en Austria

Protestas da ECVC en Austria por unha PAC que aposte pola xente nova

En representación do SLG, Sonia Vidal e Henrique Outes participaron nos grupos de traballo de Mocidade e Agroecoloxía

O 23 e 24 de setembro, a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) organizou un encontro en Viena (Austria) dos sectores da Mocidade e da Agroecoloxía, coincidindo co Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE en Gänserndorf. Nos encontros de traballo participaron, por parte do Sindicato Labrego Galego, Sonia Vidal Lamas (Mocidade) e Henrique Outes (Agroecoloxía). Máis alá do traballo desenvolto nestes grupos, dende a ECVC aproveitouse o Consello de Agricultura para manifestarse e protestar, o 25 de setembro, contra a deriva da reforma da Política Agraria Común (PAC). Cun grande rebumbio de potas, culleres e tractores diante do Palacio Hof, onde se reunía o Consello de Agricultura da UE,

dende a ECVC reclamouse unha futura PAC que responda ás expectativas da sociedade e garanta a transición de tódalas granxas europeas cara a modelos sostibles e cara á agroecoloxía labrega para preservar o medio ambiente, o clima e garantir alimentos de calidade para toda a cidadanía.

“Os ministros e as ministras de Agricultura da UE teñen sobre a mesa unha oportunidade histórica: fixar o rumbo e definir o modelo agrícola do futuro. Para nós, pero tamén segundo a opinión da cidadanía da UE, este novo modelo debe ser sostible, quen de fomentar as economías rurais e garantir uns ingresos decentes para os labregos e as labregas. E isto, en grande medida, implica a regulación dos mercados”, explicou Andoni García, do Comité Coordinador da ECVC.

Pola súa banda, Anneke Engel, da organización anfitroia ÖBV, explicou que *“actualmente, os subsidios agrícolas da PAC están a provocar a concentración de terras e a competencia*



As protestas en demanda dunha PAC labrega (arriba) e o traballo dos grupos de Mocidade e Agroecoloxía (abaixo) marcaron a axenda da ECVC en Austria

polas fincas agrícolas, o que dificulta o acceso a base territorial, especialmente para as xeracións máis novas que desexan incorporarse á agricultura. Existen poucas opcións para que estes mozos

e estas mozas poidan establecerse nunha granxa agás se herdán as terras ou os dereitos. Isto é moi desconcertante, xa que moita desta mocidade está a dar vida ás zonas rurais”.

REDES ▶ A partir de agora, este programa vaise centrar en facer obradoiros sobre circuitos curtos de comercialización

Remata a primeira etapa do Proxecto BOND cun encontro de traballo en Córdoba

Entre o 24 e o 25 de setembro, celebrouse en Córdoba unha nova xuntanza do Programa BOND (*Bringing Organizations & Network Development*), no que labregos e labregas e organizacións agrarias de diversos países de Europa estánmonos a reunir periodicamente para intercambiar coñecementos e experiencias ao redor de

proxectos agroecolóxicos, circuitos curtos de comercialización e venda directa. Por parte do Sindicato Labrego Galego, participaron a coordinadora do BOND en Galiza, Conchi Mogo, e Dora Cabaleiro, labrega de Ribeiragas.

Co encontro de Córdoba, o BOND pecha unha primeira etapa na que se fixeron varias



A labrega Dora Cabaleiro (no centro da imaxe) do SLG, durante o intercambio de sementes co qu se iniciou o encontro do Proxecto BOND en Córdoba

viaxes de intercambio, e iníciase unha nova na que se celebrarán obradoiros sobre circuitos cur-

tos de comercialización en distintos países, que incluírán un na Galiza dentro dun ano.

II FESTIVAL SON LABREG@ ▶ Co lema “Construíndo soberanía alimentaria e cultural”, a segunda edición do Festival Son Labreg@ concibiuse como “*unha xornada lúdica na que lecer e convivencia non estean rifados cos debates e a reflexión*”, explicou Sonia Vidal, gandeira de Xunqueira de Ambía da Executiva do SLG e de Mocidade Labrega, nunha rolda de prensa en Chantada xunto a Vitor Fernández. “*A intención é que a sociedade galega e, especialmente, aquelas persoas que nos queiran acompañar, poidan coñecer as problemáticas e desafíos aos que nos enfrontamos día a día nun ambiente festivo e en clave positiva*”.

Sangue novo para pór a andar a agroecoloxía e a cultura no rural

Con esta declaración de intencións, o Son Labreg@ celebrouse este ano na aldea de Garabelos (Chantada), no entorno do Cinema Palleiriso, co apoio de Anxo Moure e a Asociación Papaventos de Educación Ambiental.

Esa tentativa de mesturar lecer con reflexión plasouse nun completo programa con obradoiros de cestería e regueifas, torneo de billarda ou un túnel de cata de viños no que participaron tres adegas da Ribeira Sacra.

Ademais, durante toda a xornada houbo diversos postos de venda nos que se podían mercar queixos, mel, produtos do co-

mercio xusto, libros, cosmética natural, artesanía, xoguetes, roupa artesá, ourivaría, cestería, etc. Xa pola noite, a partir das 11, chegaron os concertos da man das Punkdereteiras (Chantada), Liviao de Marrao (Chantada), Quinta Xusta (Melide) e DJ Peter.

“*Todo isto sen perder o sentido crítico*”, puntualizou Sonia Vidal na rolda de prensa, “*pois, dende Mocidade Labrega, con este festival tamén queremos denunciar a nefasta xestión que se está a levar a cabo do rural dende as administracións, deixándonos decotío aos mozos e mozas que vivimos nel a única saída da emigración*”.



“O único que queremos facer é seguir vivindo deste oficio no lugar onde nacemos”

A primeira palestra celebrada, na que participaron mozos e mozas que están levando a cabo anovadores proxectos gandeiros en clave agroecolóxica, tivo como denominador común a coincidencia en criticar a enorme cantidade de atrancos legais e a burocracia insuperable á que teñen que facer fronte.

Falaron neste primeiro encontro, **Ana Corredoira** (Lácteos A Cernada), **Alberte Santín** (ovino-caprino en Samos), **Xosé García** (Casa da Fonte, lácteos) e **Mónica Llenderroz** (gandeira de Oscos, Asturias).

A falta de conexión da Administración coa realidade ou o apoio interesado que se lle dá a un modelo agrícola produtivista en clave industrial fan que as granxas familiares de pequeno e mediano tamaño, ou aquelas que apostan por modelos como o agroecolóxico, queden sempre marxinadas e cunha normativa que vai contra elas. Obviamente, as diversas administracións, tanto Consellaría de Medio Rural como Ministerio de Agricultura, poderían facer moito máis, pero só poñen

atrancos. Diante disto, lonxe de agardar apoios públicos, os gandeiros e gandeiras participantes confórmanse “*con que non nos amolen. Xa que non nolas queren dar, que non nos dean axudas pero, polo menos, que non nos poñan continuamente atrancos*”.

Un exemplo deste tipo de atrancos témolo no sector de ovino e caprino. **Alberte Santín** explicou que “*para que sexa rendible a actividade, temos que sacrificar nós mesmos os cabritos e os anos na propia granxa, xa que, tal e como están os matadoiros oficiais neste país, son un roubo. Que alternativas nos deixan? Ou sacrificar na casa ou pechar*”. Nisto tamén incidíu **Mónica Llenderroz**: “*A burocracia é tan esaxerada que se fai inaccesible facer nada legal, e se o fas ilegalmente estás vendida. É difícil facer as cousas ben e honestamente*”.

Para **Ana Corredoira**, que apostou por dar continuidade á granxa familiar A Cernada tras rematar unha carreira universitaria, “*o único que queremos facer é seguir vivindo deste oficio no lugar onde nacemos. Para nós*

o futuro non é producir máis para facer máis cartos, pero nun sistema que segue a tratarnos mal, que nos marca as pautas sen garantírnos o mañá, como mínimo queremos ser nós mesmas as que construíamos ese futuro”.

Ademais de loitar contra a burocracia, **Xosé García**, de Pantón, tivo que superar a tradición familiar para levar a cabo o seu proxecto: en troques de seguir mercando vacas para producir máis e máis leite, decidiu transformar ese leite en produtos de valor engadido e diversificar con outras producións como a avícola ou o porcino. “*Moita xente que traballa na Administración non ten contacto real co campo. Cando presentei nun Plan de Mellora unha sala de muxido móbil, na oficina alucinaron. Até que demostrei que en moitos países da UE xa estaban a funcionar e lograron convencerse de que era factible, non foi para adiante. Mesmo cando quixen coller o relevo na granxa, desaconselláronmo porque vían o proxecto inviable producindo tan pouco. Pero levo sete anos e non me vai tan mal*”. **SEGUE ▶**

“As Encrobas foi unha derrota para moitas persoas, pero tamén foi unha vitoria”

Tras unha sesión vermú na que Anxo Moure actuou para a rapazada, e despois do xantar, as palestras continuaron centrando a ollada na cultura que se está a desenvolver no rural. Participaron, desta vez, **Antón Bocixa** (cinesta, xestor da produtora audiovisual Tingalaranga e cantante do grupo Zënzar), **Anxo Moure** (Cinema Palleiriso e Asociación Cultural Papaventos de Educación Ambiental), **Lola Tourón** (Cestería Viva) e **Vanesa Castro** (RuralC).

Se houbese que buscar tamén un denominador común nas intervencións da tarde, este sería que tódalas persoas que falaram atoparon, nalgún momento das súas vidas, o zume para desenvolver novas experiencias culturais nas raíces da propia tradición, na aldea, no rural.

O anfitrión da xornada, **Anxo Moure**, coa axuda de centos de persoas que teñen colaborado nalgún dos seus proxectos, conseguiu facer do seu amor ás árbores o seu medio de vida, como ecoloxista, como contacontos ou como divulgador de valores como o respecto á natureza. Quizais, unha das máis evidentes expresións de que é posible dar continuidade á cultura rural no século XXI é o Cinema Palleiriso, posible grazas á conversión dunha palleira en cine. “Levo 9.000 sesións de contacontos e

máis de 2.000 colexios, bibliotecas e espazos visitados, sendo moi feliz. Cando chegou Marta a casa, descubrimos que tiñamos un espazo espectacular e creamos este proxecto, buscando a colaboración de moita xente. Máis de 4.000 persoas pasaron nos últimos catro anos por aquí”.

Partindo dunha experiencia vital moi distinta, **Xosé Antón Bocixa** criou como neno labrego nas Encrobas para rematar sendo o cantante da banda de rock Zënzar e director de proxectos audiovisuais case sempre centrados no documental de denuncia. Velaquí outro bo exemplo de como as novas culturas se funden coa tradicional: “*En Cereda montamos un grupo de rock para protestar. Co paso do tempo, engancheime a unha cámara e fun facendo cousas, como o documental sobre As Encrobas. Fíxeno para fuxir da miña propia depresión e xuntar á xente da miña parroquia. Aquilo funcionou, foi unha terapia colectiva poder contar outra versión do acontecido. Porque non foron só aquelas batallas; foi unha guerra de trinta anos. As Encrobas foi unha derrota para moitos, tamén unha vitoria. Para min, foi a derrota do épico: foi unha derrota porque conseguiron explotar a mina e destruír o val, pero foi unha vitoria porque fixemos desa loita unha icona de resistencia*”.



“...e descubrín que tiñamos a man unha riqueza impresionante...”

No caso de **Lola Tourón**, que creou a marca Cestería Viva coa que promove o seu traballo neste arte, criou na aldea da Carqueixada, na zona alta do Val de Lóuzara. Naqueles invernos longos da infancia que obrigaban á autosuficiencia, Lola mamou dende o berce tódalas artes necesarias para a vida diaria, dende o tear onde tecían a nai e as tías, aos zocos que tallaba o pai ou a fragua do tío. “*Para min iso é a cultura. Todo iso que vivenciamos de pequenos e que nos une, que fai que teñamos un nexo común entre as persoas e que, dalgún xeito, é algo co que nós nos identificamos sempre*”.

Lola Tourón acabou aprendendo unha das poucas artesanías que non se facían na súa casa: a cestería. Tras facer un curso, decatouse que a xente traballaba con materiais traídos de Asia, polo que comezou a experimentar co que tiñamos aquí, “*e descubrín que tiñamos a man unha riqueza impresionante de materiais*”.

Finalmente, **Vanesa Castro** falounos dun bo feixe de iniciativas que están a desenvolver a

través da asociación Rural C (de Rural Contemporánea). As raíces desta matriz de proxectos dinamizadores do rural habería que buscala no traballo de estudo que Vanesa desenvolveu en Montemor-o-Novo (Alentejo, Portugal) que apostou fortemente polo cooperativismo. Vanesa estudou esta experiencia como a dun ecosistema rural que fixaba poboación e no que a xente é feliz, e tentou sacar as claves para poder aplicalo na Galiza.

“*A partir desta experiencia, nunca máis volví á cidade e comecei a vivir en distintos puntos do rural da Península, até que rematei na miña aldea na Galiza, en 2012. E aí, tentamos desenvolver numerosas accións, dinamizar, formar redes, colaborar, axudar, sacar adiante proxectos colaborativos, etc. Temos traballado en numerosos proxectos de agroecoloxía e activismo, dende a Plataforma contra as Fumigacións á dinamización das comunidades de montes con Montenoso, dende equipos móbiles para extraer mel nas casas até o labor de recuperación da memoria que fixemos con Historias do Miño*”.

FIN ■



VIOLENCIA ▶ Será o 24 de novembro nun contexto no que foron asasinadas 87 mulleres no que vai de ano

A Secretaría das Mulleres organiza un acto en Vilalba contra a violencia machista

A maiores, a Cooperativa Arabías está a facer unha escola de apoderamento de mulleres no rural coa colaboración do SLG

A Secretaría das Mulleres do SLG organizará, o vindeiro sábado 24 de novembro, un acto ao redor da celebración do 25N, o Día contra a Violencia Machista. Terá lugar na vila de Vilalba ás 18:00 horas, partici-

pará tamén na organización o Instituto de Estudos Chairegos (Iescha), e contará coa presenza de Tania Merelas, autora do libro *Comezar dende cero. Voces de mulleres recuperando as súas vidas*. Xunto a ela estarán a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro; e a presidenta do Iescha, Marisa Barreiro.

Por desgraza, actos coma este seguen a ser necesarios nunha sociedade na que a vio-



Ordes está a ser unha das vilas que acolle a escola de apoderamento Espadela

lencia contra as mulleres non deixan de empeorar. En 2018, a 6 de novembro, houbo en España 87 feminicidios e asasinatos de mulleres.

Por outra banda, o SLG estivo colaborando coa Cooperativa Arabías, que está a levar a cabo unha escola de apoderamento de mulleres no rural nas vilas de

Arzúa, Ordes e Betanzos. Esta escola ten o nome de Espadela e componse de actividades como obradoiros sobre autoestima, liderado, participación, prevención das violencias machistas, e novas tecnoloxías. As actividades de Espadela culminarán cun encontro final de todas as escolas en Compostela.

Información sobre a política de privacidade do SLG

O Sindicato Labrego Galego vén de actualizar a súa política de privacidade, que ten que ver coa maneira de xestionar os datos persoais que manexamos, entre os

que se inclúen os da nosa afiliación. Con este texto, queremos informarvos da nova política de privacidade do SLG e como vos afecta.

1. A QUEN LLE ESTOU A DAR OS MEUS DATOS?

Os datos persoais que coma persoa afiliada, colaboradora ou simpatizante nos ten proporcionado pasarán a formar parte dun ficheiro do que é titular o SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG). Por favor, tome nota dos nosos datos identificadores e de contacto, por se nun futuro quere exercer ante nós os seus dereitos:

SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓN LABREGAS (SLG)
CIF: G27023951
Enderezo: Rúa Ofelia Nieto, 13-23 baixo, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 55 41 47
Correo electrónico: nacional@sindicatolabrego.gal

2. É LEXÍTIMO ESTE TRATAMENTO DE DATOS?

O tratamento que o SLG fará dos seus datos persoais é lexítimo porque é necesario para podermos ofrecerlle correctamente os servizos que como afiliada/o ten contratados. Ou dos que se beneficia coma colaboradora ou simpatizante. De feito, a cesión dos seus datos é un requisito necesario para ser afiliada/o, persoa colaboradora ou simpatizante do SLG.

3. QUEN MÁIS VAI TER ACCESO AOS MEUS DATOS?

Para poderlle ofrecer os servizos contratados, o SLG ten asinados convenios con diferentes entidades (tales como: xestorías contables, fiscais,

laborais; entidades de asesoramento a explotacións; servizos técnicos agrarios e forestais; aseguradoras e axentes de seguros; entidades para a formación; servizos xurídicos; servizos editoriais; entidades agrícolas, gandeiras, forestais) ás que poderemos cederlle todos ou algúns dos seus datos persoais, sempre que esta cesión sexa necesaria para a execución dun servizo solicitado por vostede. O SLG ten asinados tamén con cada unha destas entidades un CONTRATO DE TRATAMENTO DE DATOS que garante a confidencialidade e o tratamento lícito, leal e transparente dos seus datos, así como a súa destrución cando o servizo sexa finalizado.

4. ATÉ CANDO CONSERVARÁN OS MEUS DATOS PERSOAIS?

Por regra xeral, o SLG eliminará os seus datos persoais no momento en que xa non os necesite para o fin antes indicado, en que vostede deixe de ser afiliada/o, colaborador/a ou simpatizante, ou en que vostede exerza os seus dereitos de rectificación ou supresión. Porén, teña en conta que a lei obriga a conservar algunhas categorías de datos por un período de tempo que podería exceder calquera deses momentos. Neses casos, os datos serán conservados de forma segura, e eliminados ao vencer a obriga legal de conservalos.

5. QUE DEREITOS TEÑO?

Vostede pode exercer ante o SLG os seguintes dereitos:

-Dereito de acceso: Ten dereito a que lle diga-

mos se estamos a tratar ou non datos persoais que lle concirnen, que tipo de datos son, con que fin, até cando imos facelo, ou a que destinatarios llos temos cedido. Tamén ten dereito a recibir unha copia dos datos persoais que lle concirnen.

-Dereito de rectificación: Ten dereito a que rectifiquemos ou completemos os datos persoais que sexan incorrectos ou inexactos.

-Dereito de supresión: Ten dereito a que eliminemos dos nosos ficheiros os datos persoais que lle concirnen cando deixen de ser necesarios para o fin para o que foron recollidos.

-Dereito de limitación: Ten dereito a que, sen seren suprimidos dos nosos ficheiros, suspendamos o tratamento dos seus datos persoais (excepto a conservación) nalgúns supostos contemplados pola lei.

-Dereito de oposición: Ten dereito a oporse a que, en base ao noso interese lexítimo, tratemos os seus datos persoais para fins distintos a aqueles para os que vostede nolos deu, como por exemplo comunicacións informativas.

-Dereito de portabilidade: Ten dereito a que lle entreguemos nun formato estruturado os datos persoais que nos teña facilitado, para que vostede llos poda dar a un responsábel de tratamento diferente do SLG.

Se vostede considera que os seus dereitos en relación ao tratamento que facemos dos seus datos persoais foron vulnerados, ten **dereito a presentar unha reclamación** ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

- Cámara de queixo.
- Prensa de queixo
- ☎981 788 859

Véndese

- Cisterna Carruxo 10.000 l.
- Carro mesturador Cereijo 9 m³.
- Silo de penso de 5.000 litros.
- Remexedor de zurros.
- Termo de corrente para quentar a auga.
- Estendedor da herba do silo.
- ☎670 898 481

Véndese

- Rotativa pequena.
- Plastificadora.
- Cuba de auga de 2.500 l.
- Batedor de zurros.
- Remolque.
- Segadora BCS.
- Ringleirador.
- ☎669 836 716 (Lola)

Véndese

- Carro de coche en moi bon estado. Autorizado para levar animais. Medidas 120x160.
- ☎634 655 361

Véndese

- Ovellas e cabras. Urxe por non poder atender.
- ☎670 895 789 (Afonso)

Véndese

- Viño Barrantes e do país.
- ☎986 689 486

Véndese

- Aboadora de péndulo marca Aguirre.
- Pincho para coller rulos.
- Canón de gasóleo para dar calor.
- Monomando de sirgas roque con distribuidor.
- ☎650 019 275

Véndese

- Rotativa Bonino 35.
- Autocargador Magal de 7 coitelas.
- Cisterna de zurros de 8.000 litros.
- ☎626 194 490

Véndese

- Silo de penso de 5.000 kg con dous compartimentos.
- Remolque para coches.
- Depósito de gasóleo.
- Poldro para mirar os pés das vacas.
- Pezas mecánicas dun Peugeot 205.
- Na zona de Cambre.
- ☎667 925 467

Véndese

- 300 rolos grandes de silo de herba.
- ☎981 446 501

Véndese

- Poldro para mirar os pés das vacas.
- Trabadiza.
- Manga de sanear gando.
- Remolque de ballestas e autocargador en bo uso.
- O Corgo
- ☎689 752 400 (Xosé)

Véndese

- Todo Terreo Pick-Up NP-300 Nissan, en perfecto estado. Con ITV e seguro até marzo. Con tódolos extras e mantementos ao día. Color verde. Prezo 9.390 €
- ☎634 690 429 (Fran)

Véndese

- Picador Pottinger 40 m³. Con estenderos. Moi bo estado.
- Arado de 3 regos marca Ovion. Automático.
- Desensiladora BVL.
- Xerador para tractor de 10 kva.
- Aboadora 500 kg, con accesorio para sementeira de herba.
- Sala de muxido con 8 puntos marca Fullwod. Moi económica. Por peche de explotación. Zona de Friol (Lugo)
- ☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- 2 porcos cebados con millo e verduras na zona de Meira.
- ☎982 330 623

Véndese

- Muíño eléctrico.
- Máquina limpadora.
- Na zona d'O Corgo.
- ☎648 718 864

Véndese

- Suzuki Gran Vitara en perfecto estado. 135 Cv.
- ☎630 561 310

Véndese

- Rabaño de vacas do monte. En Covelo (Pontevedra).
- ☎626 442 294

Véndese

- 2 comedeiros de rolos.
- Quad en bo estado.
- Na zona d'O Corgo.
- ☎689 752 400

Véndese

- Tractor Pasquali con 2 arados, grada, remolque e fresa. Seminovo e con toda a documentación.
- Na zona de Lugo.
- ☎690 774 565

Véndese

- Dúas xatas de 7-10 meses, de raza rubia galega, inscritas en Acruga.
- ☎662 519 255

Véndese

- Rotativo Bonino AB40TR.
- Autocargador Magal 7 coitelas.
- Cisterna para xurros de 8.000 litros.
- ☎626 194 490

Véndese

- Cisterna de 6.000 litros.
- Sala de muxido de 4 puntos con medidores e lavado automático Westfalia.
- Tanque de frío de 730 litros.
- Autocargador con rotativa.
- Desensilador.
- En Oza-Cesuras.
- ☎669 799 422 (Xesús)

Véndese

- Picador Pottinger de 40 metros con estendedores en moi bo estado.
- ☎982 183 019 e 628 785 466

Véndese

- Autocargador con cabezal hidráulico do ano 1989. Con documentación. Na zona de Pastoriza (Lugo).
- ☎680 770 226

Véndese

- Cachorros de mastín. En Monfero (A Coruña).
- ☎626 194 490 (Paco)

Véndese

- 2 estruturas de invernadoiro. Medidas: Un de 42x8,50; e outro 46x6,80. Prezo negociable. No concello d'O Rosal (Pontevedra)
- ☎630 366 418 (Isabel)

OUTROS

Regálanse

- Dous cachorros de can de raza pequena.
- En Barcia, Regoela (Cabanas).
- ☎644 791 378 / 981 446 501

Arréndanse

- Naves e almacén a pé de estrada, en Forcarei (Pontevedra). Lugar de Rabadeiras, 32
- ☎669 836 716 (Lola)

Búscase

- Traballador para explotación de vacas de carne en Castroverde (Lugo). Contrato a xornada completa. Condicións a negociar.
- ☎696 944 555 / 982 312 235

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Curso de elaboración de queixos e derivados lácteos en CESURAS

A Asociación Terras de Valcarce, apoiada polo SLG, organiza en Cesuras un curso de transformación de derivados lácteos do 10 ao 14 de decembro e de 20 horas de duración. As clases serán impartidas polo

mestre queixeiro de prestixio internacional José Luís Martín, e terán lugar na casa rectoral de Dordaño.

As prazas son limitadas. Podes informarte ou inscribirte chamando aos teléfonos 981 773 377 e 981 789 781

Devolución do IRPF aplicado ás prestacións por maternidade

O Tribunal Supremo resolveu que as prestacións públicas por maternidade da Seguridade Social, que perciben as mulleres traballadoras durante a baixa de 16 semanas por maternidade e os pais durante 5 semanas tras ter un fillo ou unha filla, están exentas de tributar o IRPF. Facenda está obrigada a devolver os cartos que recadou por isto e as per-

soas afectadas poden reclamarlos.

Ao peche deste Fouce, o Ministerio de Facenda anunciara a creación dun trámite para poder solicitar a devolución do IRPF pagado durante a baixa por maternidade. Se te atopas neste caso, consulta na túa oficina do Sindicato Labrego como debes facer para reclamar eses cartos que Facenda ten que devolverche.

Dende o 1 de outubro, é obrigatorio realizar tódalas xestións coa Seguridade Social de maneira telemática

Como ben sabes, e a pesares das críticas de organizacións como o SLG, dende o 1 de outubro de 2018, os traballadores e traballadoras autónom@s deben realizar os trámites coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social por vía electrónica, incluída a recepción y sinatura de notificacións.

Para cumprir con esta obriga, pódese elixir entre dúas vías:

-O Sistema RED (Remisión Electrónica de Datos), no que unha persoa autorizada actúa na túa representación.

-A Sede Electrónica (SEDESS), www.sede.seg-social.gob.es, se prefires efectuar directamente os teus trámites a través dos servizos

electrónicos ou presentar solicitudes por Rexistro Electrónico.

Se xestionas en Sede Electrónica, debes ter un sistema de identificación que garanta e asegure a túa identidade para acceder aos servizos. Os sistema de identificación admitidos pola Seguridade Social son: certificado dixital, DNle e Cl@ve (as oficinas da Seguridade Social facilitan a obtención do certificado persoal da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e o rexistro no Sistema Cl@ve.

Se tes dúbidas sobre como debes facer neste tema, pasa pola oficina do Sindicato Labrego Galego da túa comarca para resolvelas.

O 28 de setembro, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobaba, en Xenebra, a *Declaración dos dereitos dos labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais*. A proposta dunha carta dos dereitos labregos saía adiante con 33 votos a favor, 3 en contra e 11 abstencións. Entre estas últimas estivo a do Estado Español a pesares de que varias organizacións traballamos de maneira coordinada para convencer ao Ministerio de Agricultura de adoptar unha postura favorable na votación.

A ONU está a un paso de aprobar a Declaración dos Dereitos Labregos

As organizacións e colectivos que fixemos presión sobre o Goberno de España fomos COAG, SLG, EHNE-Bizkaia, SOC-SAT, xunto a Plataforma Rural, Mundubat, VSF Xustiza Alimentaria e Campo Adentro.

Ao final, dos países europeos que participaron nesta votación, só o fixeron a favor Portugal, Suíza e Ucraína. Xunto a España, abstivéronse Bélxica, Croacia, Xeorxia, Alemaña, Islandia, Eslovaquia e Eslovenia. Por iso, houbo duras críticas da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) á falla de compromiso dos países comunitarios. *“Alemaña e a Unión Europea expresan, decotío, o seu apoio aos dereitos humanos, ao desenvolvemento do sur e á agricultura familiar. Porén, neste momento crucial, opóñense á declaración e íllanse da comunidade internacional. Trátase dunha posición incomprensible e inaceptable”*, denunciou Paula Gioia, da Asociación Alemá de Economía Rural (AbL) e membro do Comité Coordinador da ECVC.

Estas abstencións, e o voto contrario de países como Hungría ou o Reino Unido, contrastan coa resolución do Parlamento Europeo na que pedía aos estados membros que *“apoiasen a Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e doutras persoas que traballan nas zonas rurais e votasen a favor en tódolos niveis do proceso de toma de decisións da ONU”*.

Dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina agardan que “*en aras da coherencia cos Acordos de París sobre o clima, o compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para 2030 (especialmente o número 2 para erradicar a fame), e os compromisos que anunciou a diplomacia europea para lograr un mundo máis xusto e máis estable, os nosos gobernos tomen unha boa decisión e voten, clara e unanimemente, a favor da Declaración*”.

HRC 2018 SEPT 2018 LAST TEMPLATE			
1.10 United Nations Declaration on the Rights of Peasants and Other People Working in Rural Areas			
YES	AFGHANISTAN	ABST	GERMANY
YES	ANGOLA	NO	HUNGARY
NO	AUSTRALIA	ABST	IRELAND
ABST	BELGIUM	YES	IRAQ
ABST	BRAZIL	ABST	JAPAN
YES	BURUNDI	YES	KENYA
YES	CHILE	YES	KYRGYZSTAN
YES	CHINA	YES	MEXICO
YES	COTE D'IVOIRE	YES	MONGOLIA
ABST	CROATIA	YES	NEPAL
YES	CUBA	YES	NIGERIA
YES	DEMOCRATIC REPUBLIC OF CONGO	YES	PAKISTAN
YES	ECUADOR	YES	PANAMA
YES	EGYPT	YES	PERU
YES	ETHIOPIA	YES	PHILIPPINES
ABST	GEORGIA	YES	QATAR
ABST		ABST	REPUBLIC OF KOREA
		YES	RWANDA
		YES	SAUDI ARABIA
		YES	SENEGAL
		ABST	SLOVAKIA
		ABST	SLOVENIA
		YES	SOUTH AFRICA
		ABST	SPAIN
		YES	SWITZERLAND
		YES	TOGO
		YES	TUNISIA
		YES	UKRAINE
		YES	UNITED ARAB EMIRATES
		NO	UNITED KINGDOM OF GREAT BRITAIN AND NORTHERN IRELAND
		YES	VENEZUELA (BOLIVARIAN REPUBLIC OF)
YES	33	ABST	11
NO			3

de progreso, unha proba da seria e urxente preocupación da comunidade internacional por construír solucións para eliminar a fame e a desnutrición, así como a pobreza e promover a sostibilidade na agricultura e na produción de alimentos”.

Un mes despois, o 25 de outubro, a Declaración de Dereitos Labregos foi presentada diante da Terceira Comisión da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre Dereitos Humanos en Nova Iorque, entrando así nunha última etapa de traballo antes da súa votación final.

Desta maneira, atopámonos na última fase dunha loita pola que levamos traballando máis

de dúas décadas: a dunha Declaración dos Dereitos Labregos que será unha ferramenta indispensable para que se recoñezan amplamente os dereitos da poboación rural e sexan mellor protexidos.

E para que serve a Declaração?

A Declaración será un claro recoñecemento do papel fundamental dos labregos e das labregas como produtores e produtoras de alimentos de calidade de maneira sostible, como principal fonte de riqueza e de creación de postos de traballo nas zonas rurais, como xestores e xestoras dos recursos naturais e como unha das principais ferramentas contra o cambio climático. Aprobar a Declaración de Dereitos Labregos suporá a creación dun instrumento, dentro do sistema internacional de dereitos humanos, que permitirá mellorar a promoción e a protección do campesiñado, facendo visibles as ameazas que vive a poboación dedicada á agricultura e á gandería a escala social e familiar en todo o mundo.

A Declaración defende o dereito á terra fronte ao acaparamento especulativo. Tamén defende a auga e as sementes. A maiores, asegura o dereito dos labregos e das labregas a uns prezos xustos e remuneradores do seu traballo que lles permitan levar unha existencia digna vivindo da súa profesión.

Nun comunicado, a Vía Campesina explicou que “dos 821 millóns de persoas que se estima pasan fame no mundo, o 80% vive en zonas rurais. Estas persoas son especialmente vulnerables e discriminadas, sofre expulsións forzosas e non teñen acceso a recursos fundamentais como sementes, terra, préstamos, educación, xustiza ou servizos básicos. Porén, os pequenos produtores e as pequenas produtoras contribúen nun 70% ao subministro mundial de alimentos, chegando ao 80% nos países en vías de desenvolvemento, e o seu papel é determinante na loita contra o cambio climático e na conservación da biodiversidade”.